

A crise do modelo neoliberal e propostas alternativas

Da burbulla financeiro/inmobiliaria ás novas burbullas especulativas da enerxía e os alimentos

Xabier Vence

A reflexión que hoxe quero compartir convosco é sobre o momento que estamos vivindo na evolución da economía mundial e, polo tanto, tamén da galega. Atravesamos un tempo de crise, en realidade estamos inmersos na fase de estalido desta e nos meses vindeiros veremos máis abertamente as súas consecuencias. Hoxe quixera poñer ao descuberto as causas que a provocaron; cal foi o modelo económico que conduciu a esta situación e cales poden ser, finalmente, os escenarios de saída, discutindo tanto as propostas que se expoñen desde dentro –por parte dos que conducen este modelo económico– como outras posibles alternativas que se poden amosar desde fóra dese ámbito, á marxe do que é a liña dominante na dirección da política económica mundial e tamén da deste país. A foto do momento, da última parte do 2007 e comezos do 2008, está focalizada nas turbulencias do mundo das finanzas, na crise do sistema financeiro, das bolsas de valores e dos axentes principais que actúan nos mesmos: bancos e fondos. Certamente eses son os ámbitos e os axentes principais desta deriva crítica pero non os únicos que participan nesta crise e, desde logo, non son os únicos que a padecen. Para a maioría da xente e para o noso país o problema non fixo máis que comezar.

Do endebedamento masivo á crise financeiro/inmobiliaria. Efectivamente, a crise financeira é a parte máis rechamante, recoñecida e publicitada da crise actual. Pero as súas raíces son máis fondas; esta crise é consecuencia da profunda fragilidade do modelo económico neoliberal, da inestabilidade derivada dunha distribución da renda tan desigual que impide unha evolución da demanda acompañada coa evolución da oferta. A crise abrolla como consecuencia dunha dinámica anterior asentada nun modelo de crecemento lento, que ten unha baixa capacidade para xerar e incrementar os ingresos derivados da produción (tanto os salarios como os beneficios xerados en actividades produtivas). Nun modelo baseado na moderación salarial os ingresos aumentan lentamente e o consumo e a demanda tenderán a medrar tamén lentamente, impedindo a expansión dos mercados e dos negocios. Se o baixo ritmo de crecemento dos salarios non garante a creación de mercados para a ampliación da acumulación do capital daquela os xestores das políticas tratan de buscar outras vías alternativas para estimular a demanda. Nese marco a expansión da demanda tiña que apoiarse noutros mecanismos. Un

deles é a promoción de exportacións, a famosa competitividade, para conseguir mercados fóra do país; pero iso ten un límite na medida en que todos os países queiran facer o mesmo. A outra vía para impulsar a demanda é a **xeneralización da venda a crédito, asumindo o compromiso de pagamento no futuro ou mediante o crecente endebedamento da poboación (e dos demais axentes do sistema) coas entidades de crédito.** Para darlle saída á produción e ampliar os mercados non chegaba coa capacidade de compra das rendas altas, era preciso tirar da capacidade de compra da poboación que tiña ingresos modestos e, mesmo, reducidos. A única forma de integralos na roda do consumo de masas (se os salarios non aumentan) é fomentar o endebedamento e a compra a crédito, contra as rendas futuras. Este patrón de funcionamento provocou un masivo endebedamento da poboación naqueles países que máis se embarcaron neste modelo (EEUU, Reino Unido, España, etc.), pero en maior ou menor medida foi un patrón que se difundiu en boa parte do mundo. O artífice dese endebedamento xeneralizado é un sistema financeiro crecentemente desregulado.

No caso do EEUU é extraordinario o nivel de endebedamento alcanzado, pero España e Galiza non lle quedan moi atrás. Chega un punto no que o nivel de endebedamento das familias está moi por riba do seu nivel de renda. O nivel de endebedamento actual da economía norteamericana triplica o seu PIB e o das familias está no 120% da renda xerada. É un nivel elevadísimo e, obviamente, calquera persoa con sentido común e sabendo sumar e restar, dáse conta de que iso non é sostíbel a longo prazo.

Igual ocorre aquí en Galiza e en España. **Tradicionalmente eramos unha economía bastante aforradora. Porén, nos últimos anos, deixamos de selo e pasamos a ser unha economía que tamén tirou do consumo en base ao crédito e ao endebedamento: para a compra de vivenda, para o investimento e tamén para o consumo (coche, electrodomésticos, viaxes, etc.).** O nivel medio de endebedamento achégase ao 80-90% do ingreso. Máis do 20% dos fogares están hipotecados.

Esta situación de endebedamento xeneralizado foi unha opción deliberada de política económica pola que se optou desde os anos oitenta e, sobre todo, a partir da crise e recesión do 2001, co obxectivo de bombear ao propio sistema. Nese ano produciuse a crise daquela chamada “nova economía” que prometera



converterse no futuro da economía mundial pero que crebara sen previo aviso: a crise das “puntocom”. Aquela foi a crise da burbulla das “puntocom” que se alimentara cunha fulgurante carreira especulativa na segunda metade dos noventa. O que nos pon xa na pista dun trazo básico das últimas décadas: aquí imos de burbulla en burbulla até a burbulla seguinte.

Cando rematou a burbulla das “puntocom” a economía non tiña visos de recuperación. **O que fixeron os xestores da política monetaria, en particular dos EEUU, foi reducir os tipos de xuro de forma moi considerábel, desregular o sistema financeiro suficientemente, como para que puidese ampliarse o abano de créditos concedidos, e reducir o nivel de garantías para a súa concesión. Dese xeito, foise metendo no sistema como clientela a unha parte da poboación que, até ese momento, non tiña posibilidade de acceder ao crédito.** Iso derivou nun sistema de endebedamento e de crédito no que se asumía un compromiso de por vida, en condicións obviamente leoninas, con créditos concedidos en moi malas condicións e con tipos de xuro tres, catro ou cinco veces por enriba do normal. Tipos de xuro moi altos cos que os bancos trataban de compensar o feito de que os créditos concedidos terían dificultades de recuperación e de cobro posterior, ou sexa, como contrapartida ás dificultades de cobro ou ao risco de insolvencia.

Algo parecido foi o que se fixo aquí, con algúns matices. **Coa entrada do euro, os tipos de xuro establecidos polo Banco Central Europeo tamén foron baixos (3-4%), sobre todo para unha economía como a nosa que viña acostumada a tipos de xuro dúas ou tres veces superiores;** dado que, ademais, a inflación aquí era moi superior á alemá e á europea en xeral resultaba que para nós o tipo de xuro real era cero ou case cero. **Nesas condicións a invitación a solicitar créditos é moi tentadora.** Para facilitar aínda máis as cousas e facer asumíbeis e atractivas as hipotecas, os bancos dedicáronse a prolongar os prazos, pasando de períodos normais de 15 anos a hipotecas a 30 anos ou máis. Relaxáronse as condicións e garantías, abríronse liñas especiais para clientes de maior risco, iso si, con tipos de xuro moito máis altos. Tamén houbo unha política “agresiva” nos créditos ao consumo. Houbo algún banco pequeno, por exemplo o Banco portugués *Banco Mais*, que penetrou en Galiza nos últimos anos e que se especializou nese segmento, en conceder créditos ao consumo ao 15-25%, a un tipo de persoas ás que o resto do sistema financeiro non lles concedía créditos: inmigrantes, xente que está en situación de insolvencia... Persoas ás que ese banco si dá créditos, correndo moito risco na súa recuperación, cun contrato e cun tipo de xuro do 25%. Como non hai lei de usura todo é posíbel.

No caso dos EEUU isto xeneralizouse e chegou a millóns de persoas que se viron metidas nesa roda. **Unha vez que esa xente estaba metida na roda, o que fixeron os bancos foi empacar esas hipotecas e créditos con outras cousas e convertelas nun produto financeiro que colocan nos mercados: é o que se chama securitization ou titulización.** Isto consiste en converter o crédito nun título negociábel nos mercados bancarios e interbancarios, un produto financeiro máis. Estes títulos “empaquetados” fóronse colocando nos mercados financeiros e vendendo, de tal forma que quen o compra non sabe realmente o que hai detrás e non sabe se é solvente ou non. Só sabe que compra un paquete que ten asociado un tipo de xuro altísimo –do 10-20%– e, polo tanto, unha rendibilidade moi elevada. **Con eses créditos convertidos en títulos, os bancos poñen en marcha unha estratexia agresiva de apancamento financeiro, é dicir, piden prestado diñeiro a outros bancos contra eses supostos “títulos”, ese diñeiro vólveno prestar a calquera, logo eses créditos volven ser empaquetados e utilizados para pedir prestado máis diñeiro nos mercados financeiros e así seguido, nunha espiral infinita que lles permite a eses bancos captar moitos recursos a conta duns activos realmente ficticios.** Iso púxose a circular polo mundo adiante, porque as axencias de clasificación de risco (ráting) non funcionaron como debían; diso derivou o feito de que eses produtos se espallasen por todo o mundo, co que se conseguiu involucrar a todo o sistema financeiro mundial. Este é o tipo de problemas que está na base das hipotecas “subprime”, as hipotecas lixo. É dicir, o problema non está realmente nas hipotecas en si mesmas senón na súa utilización por parte dos bancos para construír uns activos ficticios que lles permitiron xerar unha bóla de neve de captación de recursos financeiros sen soporte real, poñendo en circulación no sistema unha cantidade desproporcionada de diñeiro ficticio. Nese contexto aparecen uns “tabeiróns” aínda máis agresivos, os Hedge Funds, abertamente especulativos, que agravan aínda máis o problema, supostamente asegurados por un tipo de sociedades, as monoline, que cando estala o problema resultan ser un bluff porque realmente non teñen fondos para asegurar os desfalcos dos seus asegurados. **En fin, unha maraña financeira que ía encubriendo as irresponsabilidades especulativas de toda a cadea até que, como toda burbulla ficticia, iso acaba estalando.** Un dos máximos expoñentes dos Hedge Funds e primeira fortuna mundial, Warren Buffett, non tivo empacho en cualificar ese tipo de enxeñería como “armas financeiras de destrución masiva”. Iso foi hai xa cinco anos, a destrución masiva empeza agora!

O problema financeiro dos últimos meses arrincou así. Desde principios da década foi aumentando o volume de familias con

poucos recursos endebedadas até as orellas con taxas de xuro elevadas. O que ocorre é que, por outro tipo de razóns, o tipo de xuro comezar a aumentar, porque hai que financiar toda a desfeita do endebedamento do Estado americano derivado dos gastos da guerra de Iraq. **Unha desfeita que coincide no tempo cunha redución de impostos ás grandes fortunas, do que deriva unha diminución dos ingresos fiscais e un incremento do déficit público.** Para iso teñen que recorrer a créditos no interior e no exterior; co paso do tempo chega un momento no que para poder captar diñeiro prestado os EEUU teñen que subir os tipos de xuro.

Esa suba empezou a producirse en 2005 e a partir de aí xa empeza o problema en serio, con todo o país endebedado até as orellas... e un pouquiño por riba das orellas; coas capas máis pobres da poboación tamén metidas na roda do crédito en condicións de insolvencia, comprometidos de por vida, pero sen capacidade de pagar ou con moito risco a pouco que muden as condicións do mercado laboral. Efectivamente, os tipos de xuro comezan a aumentar pouco a pouco e se aumentan un punto os niveis dos tipos básicos que regula a reserva federal ou un banco central calquera, podemos imaxinar canto aumentan para aquel que tiña negociado un crédito a un 10% ou 15%... Aumenta de xeito máis que proporcional: o que tiña no 10 pasa ao 15 e o que o tiña no 15 pasa ao 20. A imposibilidade de pagar os xuros vaise facendo máis evidente e a morosidade aumenta.

Iso comeza a provocar a crise do sistema bancario, non só dos bancos que directamente concederon as hipotecas naquelas condicións senón que todo o sistema bancario está pillado con ese tipo de produtos “empaquetados” nos mercados financeiros e que ao final son fume. **Ter un crédito dunha persoa que non pode pagar, en situación de insolvencia, é algo que un banco en condicións normais pode encaixar sen problema. O asunto cambia cando estamos a falar de milleiros de créditos, millóns de créditos insolventes; nestes casos son os propios bancos os que se van atopar en situación de insolvencia. O sistema financeiro ocultouno todo o tempo que puido, foi falsificando as contas coa complicidade do sistema de regulación e das auditoras das empresas e dos bancos, pero o problema estaba aí, non se podía ocultar indefinidamente, polo que comezan a aparecer os problemas.** Como boa parte do negocio financeiro se fai entre os bancos, todo o mundo acaba sabendo da súa propia historia e intúe cal pode ser a historia do veciño. Iso acaba provocando no 2007 esa crise de confianza xeneralizada dentro do sistema bancario. Os bancos deixan de prestarse os uns aos outros, porque todos cren que o banco de enfronte está tan endebedado que non sabe se en 15 días vai dar en creba e, polo tanto, non lle vai poder devolver o diñeiro. Así comézase a cortar a billa do crédito e o mercado interbancario deixa de funcionar co que todos os que operan no sistema financeiro deixan de ter recursos para seguir operando.

Iso é, basicamente, o que provoca o estalido da burbulla financeira de endebedamento. Como esta burbulla estaba asociada maioritariamente a un endebedamento para a compra de vivenda, un endebedamento canalizado fundamentalmente cara ao investimento inmobiliario, o que fixera fora inflar o sector da construción e o sector inmobiliario durante anos.

Ese foi o modelo español e o modelo dalgún outro país como Irlanda ou dalgún país do leste. **Outros países non entraron da mesma forma nesta burbulla e, no seu conxunto, Europa non está nas mesmas circunstancias que os EEUU. Ademais o modelo inmobiliario galego non é o mesmo que o USA, como non o é en Francia, nin en Alemaña, nin, en xeral, nos países nórdicos. En todo caso, España, Irlanda e EEUU si teñen un tipo de problemas parecidos debido ao protagonismo adquirido polo sector inmobiliario no crecemento destes últimos anos.** A crise deste sistema vai asociada á crise do sector inmobiliario porque o crecemento dese sector estaba apoiado nun endebedamento tanto dos clientes finais que compraban ou ían comprar, como das propias promotoras e construtoras que financiaban tamén as operacións con créditos do sistema bancario. Cando isto pincha, pinchan as dúas burbullas porque están infladas co mesmo bombín.

Este é o momento no que estamos. O que realza a súa importancia é que esta crise dáse, de forma principal, no corazón do sistema económico, nos EEUU e ao darse no corazón do sistema e, máis aínda, no corazón do corazón que o sistema financeiro americano, isto convértese nun problema de todo o sistema financeiro mundial, que está altamente globalizado. Como ben sabedes, se algún segmento da economía está globalizado ese é o financeiro.

Polo tanto, **neste intre, está en crise todo o sistema financeiro mundial, porque está construído sobre a base do sistema financeiro norteamericano.** Obviamente, iso non quere dicir que todos os bancos de todos os países teñan un nivel de dificultade exactamente igual ao que teñen unha parte dos bancos americanos ou británicos que se apoiaron especialmente nese tipo de créditos “subprime” e nos paquetes derivados. **No caso de España parece que os bancos e caixas (por exemplo, Caixa Galicia) estean moi comprometidos no sector inmobiliario, financiando as grandes operacións urbanísticas e a millóns de particulares pero parece que polo menos non están tan expostos na “titulización” dos créditos porque o Banco de España lles veu poñendo certas restricións.** Pero aínda que sexa

de forma desigual, a crise global de crédito acaba afectando a todos os sistemas financeiros do mundo e ao final todos están pillados.

A cuestión é –e esta é unha mensaxe importante para nós e sobre a que debemos reflexionar todos–: **está claro que temos unha crise que arrinca no sector financeiro, que é obvia e que está recoñecida xa como unha crise profunda no sistema financeiro; esa é a faciana da crise que ocupa o 90% das páxinas nos xornais e das noticias na televisión nas últimas semanas. Por unha banda isto é bo porque a xente pode percibir claramente o fracaso dese modelo financeiro desregulado e especulativo pero tamén ten unha certa mensaxe subliminal, porque, do meu punto de vista, estanse a ocultar outras dimensións da crise**, e cando se fai iso, ao tempo trabállase na liña de lexitimar unhas determinadas liñas de política e de compromiso do sector público.

Cando hai crise, de quen primeiro se acordan os financeiros neoliberais é do Estado, do gasto público, das axudas públicas... Cando as cousas van ben hai que destruír o sistema público, hai que desmontar o Estado, porque é unha carga e un embarazo para a economía. Porén, cando as cousas van mal, corren raudos ao seu colo. Neste momento, poñendo diante dos ollos de todo o mundo que o sistema financeiro está mal, que corre perigo e que con el corremos perigo todos, o que se está tratando de lexitimar é que o Estado vaia en auxilio do sistema bancario e do sistema financeiro. Ou sexa, que inxecte recursos nos mercados monetarios para que os bancos poidan seguir funcionando e bombeando algún outro tipo de burbulla e que poida haber inxección de recursos extraordinarios para bancos en especial situación de dificultade, como no caso dos que atravesan unha situación de creba. Así foi como se fixo no Reino Unido, onde o Northern Rock é nacionalizado en xaneiro de 2008, ou no caso dos EEUU, onde algún dos grandes bancos (Bearn Stearns) son “semi-nacionalizados”, comprados por outros, pero poñendo os cartos a Reserva Federal. Tamén aquí se socializaron parcialmente as desfeitas de Afinsa, Fórum Filatélico e outros chiringuitos financeiros. O feito de que se estea a pór o foco na crise financeira e non noutros apartados da crise, no fondo ten un interese político e estratéxico importante: **trátase de convencer a poboación, os políticos e gobernantes de que hai que botar unha man, pór recursos e sacrificarse para poder garantir a viabilidade do sistema financeiro e para garantirlle a continuidade na obtención de beneficios, etc.** Baste como exemplo esta proposta de Javier Gómez-Navarro, presidente do Consello das Cámaras: “creo que el papel fundamental que le corresponde al sector público, como primerísima prioridad, y repito lo de primerísima, es la de apoyar al sistema financiero español, de tal forma que este no estrangule a la economía y a nuestras empresas...”.

Pola contra, nesa operación hai un ocultamento ou unha secundarización doutras dimensións da crise que son igualmente importantes. Trátase, sen dúbida, dun ocultamento interesado.

Reparemos daquela noutros aspectos da crise actual. Un dentro da propia crise inmobiliaria e outros nos mercados alimentarios e enerxéticos.

As outras dimensións da crise: enerxía, alimentos e materias primas. Para empezar, a crise inmobiliaria ten dúas dimensións: unha é no que afecta ao sistema financeiro, que é o que estivo bombeando créditos para a burbulla financeira; outra son as persoas, incluídas as persoas e familias de nivel humilde que se meteron nesa roda coa expectativa de poder acceder a unha vivenda. Obviamente, cando un expón solucións á burbulla inmobiliaria, non é igual que un vaia en auxilio dos bancos que conceden os créditos que en auxilio dos morosos, dos que son insolventes, dos que por irresponsabilidade súa e do sistema bancario se meteron nunha roda na que agora están pillados. Nese sentido o acento, para un sindicato, é obvio que hai que poñelo, en todo caso, na instrumentación de medidas que poidan axudar a aquelas persoas de baixos ingresos que están pilladas na roda hipotecaria para que o sobreleven e non quedan de por vida collidos aí. Entre outras cousas, unha suba dos salarios (e do salario mínimo), un subsidio de paro máis xeneroso, etc., serían medidas que irían nesa dirección. Outras, vencelladas ao propio mercado financeiro, serían igualmente de agradecer, sempre e cando non sexan aumentar máis os prazos ou os custos.

Pero é que hai outros dous fenómenos de grande alcance que están a ocorrer e que son igualmente parte da crise. Son a faciana emerxente da crise e plásmanse nos prezos. Na súa xénese teñen que ver, por unha banda, coa evidencia da crise financeira e inmobiliaria desde 2006 e, pola outra, coa conseguinte busca de novos nichos de negocio por parte do sector financeiro. Polo tanto, **a busca de novos ámbitos de investimento para seguir facendo negocio está a crear novos e graves desaxustes nos mercados de enerxía e materias primas, provocando subas repentinas e espectaculares dos prezos.** Así mesmo, outra parte das alzas de prezos neses mercados globais, que funcionan en dólares, teñen que ver con outro aspecto da crise: a crise financeira e económica dos EEUU arrastra o deterioro da súa divisa (o dólar), de xeito que o prezos das mercadorías valoradas en dólares tenderán loxicamente a aumentar ao mesmo ritmo (pensemos que o dólar perdeu un 30% respecto ao euro nos dous últimos anos).

O efecto é que estamos a vivir tamén nestes dous últimos anos, xusto cando comeza a pinchar a burbulla inmobiliaria, unha alza espectacular dos prezos do petróleo, até os niveis nos que estamos hoxe en día (116 \$ barril, fronte aos 30 \$ de 2004) e unha alza igualmente espectacular dos prezos dos alimentos: o trigo, millo, arroz e soia duplicaron os prezos no último ano (desde fins de 2006 a principios de 2008). Hai que advertir que na zona euro esta alza aparece amortecida precisamente pola revalorización do euro fronte ao dólar, o que nos está protexendo parcialmente desa espiral desbocada dos prezos.

A cuestión é: **por que se está a producir iso neste xusto momento?** Hai moitos factores, non un único factor. Hai factores do lado da oferta, hai factores do lado da demanda... **No caso da alza dos prezos do petróleo hai un factor real que deriva dun incremento da demanda mundial de petróleo que non está sendo acompañada polo aumento da produción;** aínda que ás veces os “opinadores” interesados din que é culpa da OPEP, que non quere incrementar a produción de petróleo, o certo é que esa non é a causa. Non! O problema non é que a OPEP queira ou non queira aumentala. **O problema é que non hai capacidade de refino no sistema porque as empresas petrolíferas levan moitos anos dedicándose a maximizar beneficios a curto prazo pero sen investir a longo prazo.** É dicir, non se están creando refinerías desde hai moito tempo, polo tanto a capacidade de refino non medrou seguindo o mesmo ritmo que a demanda.

O problema non está nos pozos petrolíferos; en que se queira cortar máis ou menos a billa... O problema é que non hai capacidade de refino no sistema porque as empresas do sector non investiron. Porque se dedicaron a obter beneficios a curto prazo, que é o modelo no que están: a máxima para os xestores neste marco neoliberal é “crear valor para o accionista”, é dicir, repartir dividendos altos a fin de ano. E iso é incompatíbel cunha estratexia de investimento a longo prazo.

Por outra banda, hai outro problema engadido e é que tanto os pozos como as refinarías que había en Iraq están a medio gas porque a guerra non lles saíu tan ben como tiñan pensado. O feito é que 5 anos despois do “éxito” e da “vitoria” anunciada *urbi et orbi* por Bush (misión cumprida!) resulta que a cousa segue bastante embarrancada. Hai aí un factor que impide o incremento da produción e do refino.

A maiores, hai un problema derivado do aumento da demanda por parte dalgúns países que están crescendo moito, como a economía China que consume petróleo importado pero, en todo caso, non deixa de ser aínda unha fracción relativamente modesta da produción mundial de petróleo. De feito, a maior parte do consumo de petróleo do mundo é americano.

Pero hai outra causa da alza dos prezos que ten que ver coa deriva do sector financeiro e nela está realmente a clave. **Non é tanto que haxa un problema grave de escaseza de produción de petróleo senón unha burbulla de especulación en base á cotización dos futuros financeiros: futuros de petróleo e gas.** Xustamente ese é o campo típico no que apareceron os mercados de futuros no pasado: materias primas e petróleo. Inicialmente naceron como un instrumento de estabilización dos prezos neses mercados (permitíndo ás empresas compradoras unha maior estabilidade nos prezos das súas materias primas); pero na actualidade pasaron a ser un instrumento clave de especulación financeira, porque os que compran non o fan coa finalidade de garantiren un aprovisionamento no futuro, senón que son bancos e fondos de investimento coa vocación de gañar comprando e vendendo como se fose calquera outro activo financeiro.

Efectivamente, nestes últimos anos o capital financeiro e os fondos de investimento empezaron a cambiar de sector, ao redor do ano 2006. Os grandes fondos de investimento deixaron de comprar fondos inmobiliarios; ao contrario, empezaron a vendelos porque consideraban que xa chegaran ao punto máis alto. E eses fondos, con toda a súa liquidez, empezaron a buscar novos nichos de negocio e, polo tanto, o que están facendo desde aí é inflando outra burbulla, a dos prezos do petróleo. Esa é a principal causa do aumento dos prezos do petróleo nestes dous últimos anos, porque o aumento dos prezos non está en relación, en absoluto, co aumento dos custos, nin con ningunha outra cousa que puidese xustificalo. Nin tan sequera con ese desaxuste oferta-demanda, que mencionamos pero que non é tan importante. O que hai é un xogo coas expectativas. Aí é onde invisten os fondos e están apostando a que o petróleo siga subindo. **Na medida en que consigan que máis e máis capital invista en futuros relacionados co petróleo, este seguirá subindo, porque outros investidores (especuladores) queren entrar nese xogo e se se crea a expectativa de que o petróleo vai chegar aos 200 dólares, pois chegará aos 200 dólares. Porque seguirán entrando fondos e xente que quere investir coa expectativa de que, se cadra, chega aos 200 e daquela poderá realizar unhas grandes “plusvalías”.** O que aposta non aposta nunha casa de xogo, senón que aposta no mercado de petróleos, aposta a que vai subir. Iso está traendo cara a aí moitos recursos e iso está a provocar a alza dos prezos. Se os mercados de futuros funcionan coa expectativa de que nun para de un ou dous anos o petróleo poida acadar os 200 dólares o efecto será que xa no presente soben os prezos tratando de anticipar a suba futura (por iso pasou tan rápido de 40 dólares a 116 que está hoxe). Nese



A serea de Corrubedo



de negocios rápidos, que eran esas sucesivas burbullas. Coa crise actual, que vai ser moi profunda, pode ocorrer perfectamente o mesmo. A crise evidencia a inviabilidade real do modelo pero non quere dicir que o modelo se desmonte só nin que os que pilotan o modelo estean pensando en buscar un modelo alternativo.

Polo tanto, corrección si, pero non busca dun modelo alternativo de acumulación do capital. O risco é que volvan intentar tirar uns anos máis sobre a base desas burbullas ou algunha outra que se lles ocorra.

O desenlace depende como sempre da confrontación de modelos, de políticas e da correlación de forzas de quen defende un tipo de políticas e quen defende outras. **O momento é propicio para dar un debate na sociedade sobre a situación e a inconsistencia deste modelo económico pero, cómpre ter presente que iso implica, en calquera caso, dar unha batalla política, ofrecer alternativas e demandar solucións que corrixan o que podemos diagnosticar como erros esenciais deste modelo.** Todo depende da loita política e da correlación de forzas, así de claro, coma sempre e como todo.

Non creo que haxa ningún automatismo respecto da crise; se a conducen os mesmos –e até o de agora é así– non haberá cambio substancial do modelo. Pola contra, se a conducisen outros as oportunidades de ir noutra dirección son posíbeis. En realidade hai alternativas que non só son posíbeis senón que mesmo son cada vez máis necesarias.

É certo que hai algúns elementos do modelo, e niso non nos paramos moito, que poden mudar. Queiran ou non queiran os “guionistas” neoliberais. Un deses cambios é a súa configuración xeoestratéxica. Iso si pode estar ocorrendo nestes tempos. A profunda crise financeira americana, a baixa capacidade exportadora deste país, o seu déficit comercial cada vez máis grande, o enlameamento de EEUU na guerra de Iraq e en Oriente Medio, os custos que iso ten para a economía americana, o golpe duro neste caso ao corazón do seu sistema financeiro e que se plasma na debilidade do dólar, etc., pode efectivamente estar facendo que haxa algún cambio ou que se vaia cara a unha reconfiguración da economía mundial cun maior peso doutras áreas do mundo e unha perda de hexemonía de EEUU na economía mundial. Xustamente esa creba da hexemonía no económico están tratando de compensala cun fortísimo e expansivo gasto militar; porque EEUU, precisamente por iso, gasta máis en investimento militar que todo o resto do mundo xunto varias veces.

A economía de EEUU si pode estar enfeblecéndose e na medida en que China poida, neste transo, non saír excesivamente tocada, iríamos a un maior protagonismo mundial deste último país. Pero iso haberá que velo porque os seus mercados dependen xustamente de EEUU e de Europa, cara a onde van dirixidas en boa medida as súas exportacións; tamén é certo que China ten aínda por explorar unha marxe grande de creación de mercado interno, con 1.300 millóns de chineses. Se os chineses –que non son nada parvos na condución do seu proxecto estratéxico– teñen éxito, é posíbel que a medio prazo consigan restarlle peso a EEUU na economía mundial de forma importante. **Europa podería xogar tamén un certo papel nese escenario, pero non ten vontade de xogalo con todas as consecuencias, máis ben parece ter vontade de continuar de aliado fiel de EEUU. Por iso, coido que o único cambio xeoestratéxico importante que pode haber é que China se converta nunha gran potencia económica e iso cambie algo as regras de xogo na economía mundial. Pero iso tampouco implica necesariamente un cambio de modelo, só un cambio na configuración internacional, cambio de correlación de forzas estratéxico** porque **o modelo chino nin é exportábel nin é contraditorio co modelo neoliberal**; ao contrario, convive bastante ben con el e por aí tampouco podemos pensar que puidera vir a viraxe.

Polo tanto, cambiar as políticas do modelo de acumulación pasa pola dinámica política que haxa dentro de todos os países. A configuración de novas correlacións de forza dentro dun número importante de países sería a condición clave para forzar a viraxe do modelo neoliberal. **En Latinoamérica están tendo lugar cambios importantes na dirección de superar ese modelo e ese será un dos grandes factores que creará efectivamente dificultades de viabilidade do modelo neoliberal**, pero noutros sitios non está iso en causa de forma tan clara. Polo tanto, coido que hai que traballar nesa dirección pero non me faría demasiadas ilusións de partida polo feito de que a crise, en si mesma, trouxera un cambio no modelo neoliberal.

De feito, o que si é interesante é observar cales son os movementos dos que pilotan neste momento o corazón do sistema e tomar nota diso para non errar na batalla política. **Cal está sendo a reacción dos neoconservadores, da extrema dereita neoliberal á crise?** Reparade, hai un certo paralelismo na resposta á crise de 2008 e a que se lle dera á crise de 2001. A esta respondéuselle coa guerra de Iraq, que como ben sabemos non foi tanto polas Torres Xemelgas, porque era obvio que non tiñan nada que ver unha cousa e outra. A guerra de Iraq cumpría unha función moi importante no marco do proxecto de hexemonía americana pero tamén como un instrumento para a superación dalgún dos problemas da recesión de 2001:

1º Era unha guerra que buscaba o control de recursos petroleiros, sobre todo diante da ameaza de que outros países

como China puidesen gañar influencia nesa zona para ter un acceso máis directo e garantido a estes recursos.

2º Tratábase, nesa situación de extrema debilidade do dólar de garantir a hexemonía da súa moeda cando estaba nacendo o euro. Tratábase de garantir que o dólar seguira sendo a moeda das operacións económicas, comerciais e financeiras internacionais, porque ese papel do dólar era a condición indispensábel para que EEUU seguise sendo hexemónica e puidese seguir mantendo un nivel de vida e de consumo moi superior ao que lle permite a súa competitividade real. Con ese papel do dólar son quen de financiar un avultadísimo déficit comercial, comprando bens ao resto do mundo a cambio de darlle billetes. É máis barato producir billetes que coches ou tomates. Ese papel do dólar era clave e buscábase aseguralo co nesa guerra porque Saddam Hussein ameazaba con vender o seu petróleo en euros e así romper a hexemonía do dólar nos mercados petrolíferos.

3º Por outro lado había un obxectivo a curto e medio prazo importante que consistía en **intentar saír da profunda recesión de 2001 nos EEUU**. Como saír dela?: hai que incrementar o gasto, e como entende aumentar o gasto a dereita conservadora?, non aumentando servizos públicos, non aumentando o gasto en benestar social, senón xustamente aumentando o gasto militar (en cuxas industrias está o núcleo duro do poder neoconservador!). Esa estratexia de ir á guerra de Iraq cumpría o obxectivo de tirar da demanda para todo un sector industria e de servizos importantísimo, que supón aproximadamente un 30% da economía americana, que está ligada ao negocio militar. Ese tirón da demanda vía gasto público militar pretendíase que relanzase a economía e permitise a saída da recesión. Obviamente en principio os que impulsaban a guerra de Iraq esperaban que o resto do mundo lles financiase o groso dese gasto. A sorpresa foi que a maior parte do mundo non os acompañou nesa aventura e, polo tanto, tiveron que comer eles a maior parte do gasto militar, que acabaron tendo que financeiro acudindo ao resto do mundo pero non gratis senón pedindo crédito.

No 2008 o patrón de resposta é bastante parecido. Estados vendo que se están a propor algún tipo de reformas no sistema financeiro en EEUU. No cumio da semana pasa en Wáshington do G-7 co Banco Mundial e o Fondo Monetario Internacional, á cal invitaron aos seis grandes bancos do mundo (evidenciando de paso o carácter profundamente “democrático” da deliberación dese tipo de “órganos”!), expoñen unha batería de 64 medidas.

As reformas que están a formular son bastante modestas, de curto alcance e destinadas a resolver basicamente problemas de funcionamento do sistema financeiro, sobre todo para devolver algo de confianza nun contexto no que se descubrira que as contabilidades estaban sistematicamente trampeadas, a creatividade financeira dera lugar a produtos opacos dos que se descoñece o verdadeiro valor e risco incorporado, etc. Polo tanto para devolver un mínimo de credibilidade aos mercados e garantir unha mínima confianza entre os bancos resulta imprescindible introducir certas normas, certo control e certa vixilancia. Nese ámbito pouco máis. Pero, ao mesmo tempo, cando Bush fai un anuncio dunha desa medidas relativas ao sistema financeiro fai tamén un anuncio de cousas noutra dirección, a proposta deles segue a ser ou volver ser pedir un aumento do gasto militar. Cando se fai o anuncio de que a Reserva Federal fixese algún tipo de control maior, supervisión das entidades financeiras e das grandes empresas, ao mesmo tempo fixo o anuncio de que pedía a OTAN un maior compromiso na “guerra mundial contra o terrorismo”. De feito, a reunión da OTAN en Bucarest celebrouse unha semana antes da reunión do cumio de Wáshington do G-7 e nela acordaron precisamente medidas nesa dirección: todos os países da OTAN, ademais de incorporarse novos países do leste europeo, referendaron o plan estratéxico militar que vén defendendo EEUU, que pasa entre outras cousas polo novo “escudo anti-mísiles” en Europa. Pero ademais de ser controlado por eles vai ser tamén feito por eles e pagado polos europeos, co cal toda Europa vai financiar o que leva consigo I+D, produción e posta en marcha dese sistema. Un gran negocio para o complexo industrial-militar americano!

Por esa vía, **alén de garantir a hexemonía no militar e no político vaise garantir que definitivamente Europa pague parte do gasto militar a EEUU. Esa é unha compoñente importante, de novo, do tirón para quitar a economía americana da recesión.** Parello a iso, estes días están a presentar o proxecto de orzamentos para o 2009 (nos EEUU), que recolle un aumento espectacular do gasto militar en EEUU. Imos ver que pasa porque os demócratas xa dixeron que non ían pasar por iso. En todo caso o que vai pasar é que o gasto militar vai aumentar, deixando clara cal é a dirección da resposta.

Polo tanto, ese é o tipo de respostas que está habendo pola parte neoconservadora. Por outra banda hai algo que é claro e é o que nun artigo dun asesor do Banco de Inglaterra que saíu hai un par de meses di que “mal que ben, o sistema de mercado non ten alternativa e, ollo!, porque a última vez que a humanidade intentou saír de aí foi a través da planificación centralizada e xa sabemos o que pasou”(por se acaso!). Recoñece que imos ter que reformar algunhas cousas canto á regulación, pero non imos matar a galiña dos ovos de ouro e iso está claro que é a resposta dos que pilotan a xestión da crise financeira nas instancias internacionais.

Todo o que se fala e que se anuncia mostra ás claras que hai

algúns cambios que facer: mellorar a transparencia, mellorar a xestión do risco e mellorar a coordinación entre os reguladores. E con iso, xa está. Polo tanto, **do único do que se trata é de darlle ou devolverlle algo de confianza ao sistema para que uns bancos poidan volver confiar nos outros, para que poidan facer negocios entre si. Diso é do que se trata, porque agora todos se ven como “cacos e roubóns” e non se poden fiar entre eles, porque non saben con quen están a xogar. É coma se nunha partida de cartas dixeramos que hai que garantir que todas as cartas son da mesma baralla e de que non haxa xente que xoga con dúas ou tres barallas.** E iso foi basicamente o que se acordou no cumio de Wáshington onde se reuniron o G-7 co BM o FMI e os seis grandes bancos do mundo.

Propoñen 64 medidas, que son na maior parte declaracións de boas intencións, de que ten que haber transparencia, pero ao final do que parece que se está a falar é de que a desregulación que se introduciu nos mercados financeiros na última década foi excesiva, fóisenos a man, pasámonos un pouco, algo de control ten que haber porque isto acaba nun sistema de absoluta falta de confianza, de descontrol... Polo tanto, imos regular algo. Algo é, no sentido de que se recoñeza que a desregulación, que é unha das bandeiras dos neoliberais foi un desastre e que efectivamente nesa carreira pola desregulación non hai xa para onde correr. Coido que é unha mensaxe importante e que hai que aproveitala, porque a pesar de todo, cando un escoita propostas concretas e medidas concretas, sobre todo aquí, seguen falando de desregulación, de desregular máis. **Nun programa da televisión sobre a crise celebrado hai uns días á noite, a proposta do PPdeG era desregular máis o tema inmobiliario, liberalizar aínda máis o solo, liberalizar aínda máis as operacións financeiras... Tamén é a proposta do presidente da CEOE e da CEG. Aquí aínda non lles chegou a onda e aínda cren que o discurso ten que ser desregular aínda máis.**

Nas alturas, en cambio, parece que esta idea de que a mensaxe da desregulación esgotou todas as súas posibilidades xa empeza a estar clara e asumida, cando menos a certos niveis e no discurso. Pero nas 64 propostas que saen do cumio de Wáshington, realmente non hai nada que apunte cara a unha reconsideración das bases do modelo neoliberal, máis aló do que ten que ver con isto.

O que está a ocorrer na práctica, que xa comentei ao principio, é que todas estas medidas que se están a adoptar ao final o que están é axudando a inflar esas outras burbullas que xa levan un tempo inflándose: petróleo, alimentos e materias primas. Dá a impresión de que tampouco hai reconsideración de modelo por parte dos investidores, porque están construíndo novas burbullas como vía de acumular.

Nun texto do *Financial Times*, portavoz da City, do centro neuráxico do capital financeiro inglés, agora acordan do sector público, necesitan axudas e din que “hai que organizar algún tipo de consorcios, entre as autoridades e o sector privado para mercar aquelas actividades que os bancos teñen en malas condicións”. **A idea que propoñen é que o sector público se faga cargo dalgunhas urbanizacións, a ver se é posíbel que os bancos vendan ao sector público parte desas cousas que teñen en mala situación financeira; proponse ademais participar en investimentos conxuntos bancos-sector público, obviamente xa se sabe para que: para que uns poñan os cartos e os outros retiren os beneficios. Ese é o tipo de discurso que se está a implementar desde os círculos do poder económico e iso forma parte da súa loita política, tratando de naturalizar isto, de convencer de que este tipo de medidas –con sacrificios por parte do Estado e con recursos públicos– son necesarios porque vai no beneficio de “todos”.**

Que facer? Diante do cinismo e o descaro dese tipo de discurso dan ganas de “virar a mesa” dunha vez. A un certo nivel chegamos á convición de que hoxe máis que nunca hai que “virar a mesa”, darlle a volta ao taboleiro, porque levamos moitos anos soportando burbullas e burbullas que ao final o único que xeran é o enriquecemento dunha fracción moi pequena da poboación e un distanciamento cada vez maior dos dous polos da poboación, dos ricos e dos pobres. É certo que o que está a ocorrer da toda a lexitimación para erguer esa bandeira, conquistar a cabeza da xente co discurso da necesidade de superación de modelo; pero esa é unha loita política, unha loita sindical, unha loita ideolóxica, é unha loita de ideas a todos os niveis.

En todo caso, para que non quede esterilizada esa batalla política de fondo, coido que é necesario propor medidas concretas para afrontar a crise e, en todo caso, traballar na dirección de redefinir o modelo de acumulación, obviamente entendendo que todo isto é dentro dun marco de economía capitalista.

Que tipo de medidas serían as máis acaídas para ir nesa dirección no momento actual:

1. É importante entender que o tipo de política monetaria apropiada nestas circunstancias é a do control da inflación, do punto de vista monetario. A inflación é como un imposto para as rendas máis modestas, unha carga que pagan de primeiros os que teñen ingresos taxados ou negociados, ou sexa os asalariados e pensionistas. Se se dispara a inflación, os primeiros en pagar son o conxunto dos traballadores, co encarecemento dos produtos e servizos que ten que adquirir cada día. Neste momento, unha

política monetaria que non sexa xenerosa inxectando diñeiro no sistema en favor do sistema financeiro, é positiva. É o que se debería demandar. Pero ao tempo esta política monetaria debe ser unha política monetaria que preserve a competitividade exterior das economías; non podemos deixar que EEUU xogue agresivamente con tipos de cambio da súa divisa baixos para gañar competitividade no exterior e nós ter tipos moi altos de forma que nos sexa cada vez máis difícil competir no exterior.

2. É necesario reclamar unha regulación a fondo do sistema financeiro na dirección de limitar realmente os fluxos de carácter especulativo, que se liberalizaron cada vez máis desde os anos 80 para acá; mudar iso implica, por unha banda, incorporar restricións legais aos fluxos de carácter especulativo e, por outra, eliminar os “paraísos fiscais”, que existen porque se quere que existan, pero é incríbel. É bastante máis fácil que bombardear Bagdad! Unha forma complementaria de reducir os incentivos aos fluxos especulativos é introducir algún tipo de imposto; os movementos altermundistas levan reclamando desde hai tempo a “taxa Tobin”, un pequeno imposto aos fluxos de capital internacional de tal forma que, polo menos, se reduzan os incentivos para realizar operacións puramente especulativas, sen custo e sen ningún tipo de consecuencia fiscal, como está a ocorrer na actualidade. Esta taxa pódese utilizar para o financiamento doutro tipo de actividades económicas produtivas e axudar de verdade á cooperación ao desenvolvemento.

3. Limitación a esa roda sen fin da enxeñería financeira no ámbito financeiro e bolsístico. A creatividade noutros ámbitos da sociedade parece que é limitada pero no ámbito dos produtos financeiros parece que é ilimitada, de tal forma que parece que parte do que está pasando é o resultado desa grandísima creatividade para inventar paquetes de produtos financeiros que se acaban vendendo sen que ninguén saiba ou teña moi difícil saber o que hai dentro.

4. Algo que levamos reivindicando desde hai moitísimo tempo, pero non se fai nada, é que hai que favorecer e regular o establecemento de vínculos máis estreitos entre o sistema financeiro e o sistema produtivo e, en particular, no financiamento da innovación e das novas actividades. Un dos problemas gordos do sistema produtivo, en particular no noso país, é que ten dificultades para acceder ao financiamento a longo prazo e accede nunhas condicións que non son precisamente doadas. Iso é algo que hai que mudar para que as economías e os sectores produtivos poidan modernizarse, investir, crecer e, sobre todo, poidan innovar. Neste país lévase moito tempo dicindo que queremos moita innovación, moito I+D e todas esas cousas pero, por un lado, se onde se amasan fortunas é na especulación, quen vai investir na innovación? e, por outro lado, se o sistema financeiro non facilita recursos financeiros para innovación, non haberá innovación. A innovación, da que presumen as empresas, non pode depender só dos recursos públicos e o certo é que até o de agora a innovación nas empresas faise fundamentalmente a custo das axudas públicas (e en moitos casos recíbenas para iso e úsanas para cousas ben diferentes!). A cuestión é que un cambio cara a un tecido empresarial innovador pasa por un cambio dos vínculos entre o sistema financeiro e o sistema produtivo e as empresas produtivas.

5. Política fiscal de redistribución da renda: é moi importante. Cómpre facelo **no sentido inverso ao que veñen facendo os neoliberais nestas últimas décadas** e no sentido inverso ao que defenderon os neoliberais de dereita ou de centro nas últimas eleccións. Os grandes partidos españois (PP e PSOE) que se presentaban ás eleccións xerais ofrecían a eliminación do imposto do patrimonio, redución do tipo máximo do IRPF, eliminación do imposto de sucesións e de doazóns... é dicir, os impostos que pagan xustamente as fortunas ou a parte máis rica da sociedade. Hai apenas un mes, tanto o programa electoral do PSOE como do PP levaban medidas para afondar máis nas receitas de carácter neoliberal respecto da redistribución da renda. E, efectivamente, a eliminación do imposto do patrimonio foi un dos primeiros acordos do consello de ministros “socialista” unha vez constituído o novo goberno. É un retroceso enorme (que ademais resta autonomía fiscal ao Goberno galego porque é un imposto cedido). Temos que pór ao PSOE contra as cordas para que esa parte do programa electoral chegue a implementarse; máis aínda, hai que reclamar que se camiñe na dirección contraria. Hai que demandar un aumento do imposto de sociedades para empresas financeiras (especulativas), hai que mudar o trato fiscal extraordinariamente xeneroso das sociedades “private equity” e falso capital risco, hai que non só manter o imposto do patrimonio senón que hai que aumentalo e, sobre todo, facer que sexa efectivo para recadar das grandes fortunas, porque un dos aspectos máis obscenos do modelo neoliberal é a proliferación de grandísimas fortunas no mundo. E aquí en Galiza non estamos, nese sentido, fóra da onda (temos algúns dos primeiros espadas nas fortunas mundiais). Definitivamente, fai falta un imposto que grave as grandes fortunas.

6. Unha forma de facer política progresiva en materia impositiva e na redistribución da renda é perseguir a fraude fiscal e a evasión de capitais, porque quen ten posibilidade de defraudar ao fisco non son os asalariados con nómina, que non teñen ningunha posibilidade nin de escapar nin de defraudar. A fraude está en todos os demais ámbitos de negocio e particularmente no sector

inmobiliario e nas grandes fortunas, que desvían os seus capitais e as súas rendas nos paraísos fiscais. E iso non é anecdótico. Non hai estimacións pero non me estrañaría que, se se evitase toda a evasión fiscal e a fraude fiscal, a recadación de impostos se duplicase.

7. Coido que **hai que meter no debate o tema dos impostos indirectos** (como o IVE) e hai que matizar as propostas sobre os mesmos. Na medida en que os impostos indirectos, e en particular o IVE, son esencialmente regresivos hai un certo discurso que se centra en demandar que se reduza o seu peso. Pero convén matizar: xogando con diferentes tipos para diferentes tipos de produtos poden incorporarse criterios de progresividade. Nese sentido, para facer unha política progresiva, debe reclamarse a redución do IVE dos bens básicos; pero tamén é progresivo se incrementamos o IVE dos bens dos produtos e dos servizos que consumen fundamentalmente os estratos altos da renda. Mesmo nese sentido pódense plantexar reformas do IVE que non reduzan a capacidade recadatoria do IVE senón que compensen as reducións nuns items con aumentos noutros. De feito hai algún estudo dun colega catalán, recollido nun libro do Seminario de Estudos Galegos coordinado por min hai un par de anos, no que propón unhas medidas concretas e detalladas para cambialo nesa dirección.

8. Por último, para rematar, dous tipos de medidas que son importantes e que veñen ao caso porque afectan a cuestións básicas da poboación, primeiro o que se refire **a política de vivenda** e logo as sectoriais. Efectivamente, estamos nunha situación paradoxal, porque hai un exceso de oferta de vivendas e por outro lado unha demanda insatisfeita. O problema é un problema de prezos e ingresos. Hai moita poboación que precisa unha vivenda pero non pode adquirir as vivendas que hai, as vivendas libres, porque son caras de máis. Polo tanto, para resolver ese problema hai moitas medidas complementarias pero basicamente a forma de atacar iso de raíz iría en dúas direccións: primeira, para atender esa demanda insatisfeita, que haxa en serio programas de creación de vivendas de protección oficial, de vivenda de carácter social máis baratas e a prezos inferiores ao mercado libre e na medida en que iso se faga, tamén é certo que iso pode amortecer un pouco o impacto sobre o emprego da caída do sector da construción e inmobiliario en xeral. Por outra banda, para favorecer o acceso de todas esas persoas que buscan vivenda a ela está promover de verdade ese mecanismo alternativo que non é o da propiedade senón o do aluguer. Aquí en Galiza a Consellaría de Vivenda (dirixida polo BNG) ten proposto medidas nesa dirección. Coido que nese sentido van ben orientadas e o que hai é que demandar que se implementen canto antes e que teñan recursos suficientes. En todo caso, coido que é o enfoque apropiado do problema.

9. Temos, ademais, que reivindicar **políticas dirixidas ao sistema produtivo para a creación de emprego nas actividades produtivas**. Dicía que vivimos unhas décadas de abandono da produción agraria, pois ben, situacións como actual amosan a importancia que ten a fortaleza dun sistema agrario. Nese sentido, o discurso da soberanía alimentaria é moi oportuno e importante. Non implica proteccionismo absoluto senón apostar por ter unha capacidade de produción agraria que cubra unha parte substancial das necesidades alimentarias básicas, con garantías de calidade e frescura. Ese discurso é o que con valentía ven defendendo o Sindicato Labrego Galego, que non sei se é compartido neste momento pola administración galega ou non, teño as miñas dúbidas sobre iso; en todo caso é cousa de todos converter ese discurso positivo nun eixo das políticas deste país. Tamén creo que cómpre pensar sobre os nichos de creación de emprego e de actividade de cara ao futuro; é certo que chegados ao punto no que está o mundo de hoxe en día non é doado atopar novos nichos de actividade ou de mercado, pero precisamente por iso hai que apostar por aquelas actividades novas que teñen futuro, que teñen posibilidades e que a sociedade desenvolvida que acadamos xustifican que se convertan nunha actividade específica. Nese sentido coido que a aposta por actividades de carácter medioambiental, pensar no medio ambiente como un sector que require recursos e traballo; polo tanto, a xeración de postos de traballo na súa xestión é moi importante. Loxicamente, aínda que só sexa por deixalo dito tamén, unha vez máis, é moi importante que haxa políticas de verdade, tamén desde o ámbito financeiro e non só desde o público, dirixidas a promoción de sectores, de industrias e de servizos avanzados. E nese sentido temos moito por andar, tanto a nivel autonómico como a nivel do goberno central. En particular, con respecto ao sistema financeiro, para promover actividades novas en todos estes ámbitos en Galiza temos que botar man dun instrumento do que non se está a botar man: as Caixas de Aforro. As Caixas de Aforro son competencia exclusiva da comunidade autónoma e, polo tanto, a súa regulación corresponde á Xunta de Galiza. Hoxe por hoxe son a metade do sistema financeiro en Galiza e unha orientación eficaz das súa actuación pode ofrecer grandes posibilidades. Polo tanto, rompendo coa

moda neoliberal, desde aquí podíase elaborar unha nova lei de caixas para implementar unha estratexia de compromiso efectivo das caixas de aforro co sistema produtivo e obviamente nunha selección estratéxica dos sectores produtivos nos que interesa que participen. Nese sentido estamos no último ano da lexislatura do actual goberno autonómico e a miña principal frustración con respecto a este goberno é que non tocou nin unha coma da lei de caixas e aceptouse dunha forma absolutamente submisiva o poder económico das dúas caixas, en particular de Méndez; é algo que está no debe deste goberno, en particular do PSOE, que é o responsábel da Consellaría de Economía. Coido que alguén ten que pór o tema enriba do tapete, porque os que xogan a unha relación submisiva co poder non o poñen enriba da mesa. Alguén ten que poñelo e este é o momento. Obviamente, na medida en que se comeza a asumir que o sector financeiro hai que regulalo mellor, que mellor que aquí aproveitemos para retomar o problema da lei de caixas! Certo que nesta lexislatura xa non queda tempo para tramitar unha nova lei, canto tempo perdido!, pero é unha tarefa pendente de primeira envergadura e poderían adoptarse medidas mesmo no marco da lei actual.

10. Para rematar, pódese apostar por esa redistribución da renda e por unha **mellora efectiva dos servizos públicos, de reforma da administración, de ruptura do corsé neoliberal que impide a creación de postos de traballo na administración, que está moi falta de persoal**. Un dos problemas que temos agora mesmo nas administracións autonómica e local é que temos unha dificultade gran para cubrir a prestación de servizos, porque non hai persoal suficiente para iso. O mesmo cabe dicir de outros servizos públicos como a educación, a sanidade ou os servizos sociais. É algo que compre, sen dúbida, cambiar para crear emprego, crear riqueza e crear benestar para o conxunto da poboación. Certamente, en Galiza estamos por primeira vez, e da man do BNG no Goberno autónomo, creando unha rede de servizos sociais, en particular para nenos (galescolas) e para os máis vellos. É moi positivo que esa rede medre rápido, tanto polo que representa para o benestar xeral como para facilitar a emancipación da muller, ademais de crear un novo nicho de ocupacións. Cómpre, iso si, garantir que se creen nunhas condicións que garantan a preservación do seu carácter público.

En definitiva, **a crise entre nós non fixo máis que comezar**. Vimos duns anos de forte crecemento económico, asentado en grande parte nos sectores vencellados á construción, aínda que en Galiza en menor medida que noutras partes do Estado español. Os indicadores de crecemento xa empezaron a amolecer, aínda que até hoxe están entre os elevados (3,8% no primeiro trimestre de 2008); o investimento leva xa algún tempo caendo; o paro empezou xa a repuntar, polo de agora lixeiramente, situándose ao redor do 10%. Pero avecíñanse tempos duros, con perdas de empregos e inflación; moita xente terá dificultades para facer fronte ás mensualidades das hipotecas (o 21% dos fogares están hipotecados); será difícil preservar a capacidade adquisitiva dos salarios (o 45% dos fogares viven con menos de 1.500 euros mensuais)... Pero **serán tamén tempos de oportunidades para a loita política, para reunir forzas para dar cabo a ese modelo neoliberal que ameaza con arruinar a vida de moita xente no país e no planeta e que mesmo trae consigo riscos crecentes de confrontacións bélicas e recortes de liberdades**. Nesa batalla a dinámica económica vai pesar, sen dúbida; as urxencias do día a día van condicionar a resposta dos traballadores, pero o eido crucial vai situarse, coma sempre, na batalla de ideas e na capacidade para chegar á cabeza da xente con proxectos alternativos.



Xabier Vence é catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela e coordinador do grupo de investigación Icede da Área de Economía do Seminario de Estudos Galegos. Entre outros libros, publicou *Capitalismo e desemprego en Galicia* (Xerais, 1986), *Unión Europea y Crisis del Estado de Bienestar* (Síntesis, 1998) ou *O fracaso neoliberal en Galiza* (2005). Participa nunha rede europea sobre Políticas de Propiedade Intelectual. O texto que reproducimos nestas páxinas forma parte da conferencia que pronunciou o pasado mes de abril en Santiago de Compostela dentro das xornadas de formación da Confederación Intersindical Galega (CiG).

12 X U Ñ O D O 2 0 0 8 - N Ú M E R O 7 2 2

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



**O escritor
frente ao seu espello**

Malia que a literatura galega vive un bo momento –o mellor, en certos aspectos segundo moitos especialistas–, de cando en vez algún escritor ou escritora –mesmo algún dos máis coñecidos– realiza algunha chamada de atención sobre a valoración social que se lle está a confirir aos creadores e, en particular, á súa propia obra. En certa medida, e a pesar desa época de florecemento, permanece o desaxuste entre as

O escritor fronte ao seu espello

expectativas de parte dos autores a autoras e o recoñecemento que obteñen. Que está a pasar? Non hai país? Revista das Letras solicitoulle a súa reflexión sobre esta cuestión a escritores e outros axentes culturais. Se cadra a necesidade de calquera persoa de que se aprecie o seu traballo se acentúa no caso dos artistas. Poida que, pese á variedade e á calidade cada vez maior da oferta editorial, se manteña un certo medo á literatura popular. Ademais, o tamaño do mercado e a situación non normalizada da lingua sitúan o libro galego nunha posición de inferioridade respecto do castelán en canto a promoción e a distribución. A industria editorial dista de estar consolidada, e reserva para os creadores só migallas das súas cifras de negocio. A situación é complicada, pero non hai só motivos para o pesimismo.

“Todo escritor quiere ser valorado e recoñecido. As expectativas individuais neste sentido son lícitas, como é lícito que de cando en vez haxa algunha chamada de atención por parte dalgũa persoa que non se sente valorada”. O presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), **Cesáreo Sánchez**,

introduce con estas palabras o debate sobre o desaxuste entre as expectativas de boa parte dos creadores e creadoras do país e a resposta social que atopan. A situación escúa, de cando en vez, nas páxinas dos xornais con entrevistas onde os escritores –o máis recente foi **Carlos Caneiro** pero antes tocuoulle a quenda, entre outros, a **Xosé Vázquez Pintor** ou **Suso de Toro**– amosan o seu malestar por varias razóns: que os seus libros se venden máis fóra de Galicia que no mercado interior, que os seus méritos non son recoñecidos na xusta valía ou que a calidade e recoñecemento dos seus textos entre a crítica non se corresponde cun recoñecemento por parte dos lectores.

En canto que colectivo, engade Cesáreo Sánchez, “estamos nun proceso lento pero con certa solidez de mellora da valoración do escritor, da súa visibilidade social. Boto de menos unha participación pública do escritor na avaliación dos feitos sociais que acontecen no día a día. Que os escritores sexan xeradores de opinión pública”.

O presidente da AELG subliña, en calquera caso, que para ser valorado “hai que ter obra e a cuestión de se se están a cumprir as expectativas, entendo que se formule co outono da idade. Antes, temos que facer un exercicio de humildade. Aos escritores da miña xeración preocúpanos máis que se recoñeza a obra de autores como Bernardino Graña, e outros da súa xeración, que lles abriron camiño ás xeracións posteriores. E, tamén, que os escritores que comezan teñan oportunidades para publicar”.

Polo demais, Cesáreo Sánchez considera que o escritor “debe facer a súa escolla e ser consecuente con ela. As obras máis arriscadas poden ser moi minoritarias. Hai obras que non


teñen unha incidencia inmediata, pero poden ser as que máis permanezan ao longo do tempo. Ademais, un escritor pode saír moito nos medios e ter poucos lectores, e ao contrario. É moi importante que o escritor estea inserido na sociedade. Que vaia ás aulas explicar os seus libros, que participe nos premios literarios dos concellos, que apareza nos medios na información do día e non só nos programas culturais...”, comentou.

O escritor **Xosé Carlos Caneiro** achega unha visión confluyente, en boa medida, coa de Cesáreo Sánchez. “A literatura está escasamente

prestixiada, en Galicia e na sociedade en xeral. Os libros deben estar máis instalados na sociedade. É fundamental facer visibles aos autores. Con respecto á literatura galega, imos no bo camiño: tentar incentivar as bibliotecas pequenas, de barrio, de vila, aos clubs de lectura... e deixarse de campañas de lectura e cartelería. Dilapídanse fondos públicos en obras megalómanas, en lugar de actuar na base. A literatura ten que ser transversal: acadar todos os ámbitos da vida. Se os que nos gobernan non len, pouco podemos conseguir. Debería ser noticia que un escritor visite unha escola ou unha biblioteca, como o é que o faga un político”.

O poeta **Xosé Vázquez Pintor** foi hai uns días homenaxeado en Melide. “Ás novas xeracións que se senten marxinaadas, dirálles que resistan, que canto máis menosprezo máis esperanza e forza interior temos que ter. Que pasará a noite. Eu sufrín un verdadeiro acoso

e derribo nos anos 70 e 80. Non ‘resucitei’ ata o 1984. O problema está nalgúns editoriais que teñen máis poder. Os criterios editoriais segundo os cales certos escritores e estilos de literatura interesan para facer negocio e outros non. Uns escritores son marxinaados e outros promocionados. Hai editoras novas que non funcionan así; que se preocupan de editar literatura e non supervendas. E hai que aupalas”, comenta.



A crítica literaria **Dolores Vilavedra** opina que é “inherente” á propia condición artística “unha certa egolatría”. Esa egolatría, opina, “pode distorsionar a mirada, xerar expectativas demasiado elevadas nos escritores”.

Tamén é certo que a profesionalización do escritor “converte todas estas cuestións en especialmente urxentes”, de xeito que “a presión é constante para quen non vive doutra cousa: non é só o referendo da propia creatividade, é que se están xogando o caldo”. Vilavedra non desbota tampouco as características de Galicia, un país “no que somos tres millóns de habitantes” cunha das sociedades das menos lectoras de Europa: “Só un cuarto de millón de galegos le. Iso significa que temos, primeiro, un problema de tamaño do mercado. Ademais, eu creo que hai inflación editorial: Publícanse 1.200 títulos ao ano. Tamén debemos ter en conta que hai demasiados premios literarios, de xeito que algúns textos van circulando de premio en premio ata que conseguen un, e acábanse publicando textos de segunda polo simple feito de ter o aval dun premio”.

A crítica literaria tampouco é que considere a existencia dun determinado tipo de novela específica para os galardóns literarios polo simple feito de que “os xurados son variados e plurais”.

Polo que respecta ao papel e a calidade da crítica literaria, Dolores Vilavedra opina que hai “máis e mellor crítica literaria que nunca, en plataformas especializadas, con pluralidade de voces”. Outra cousa, porén, “son os medios de comunicación diarios”: por unha banda “existen moitas iniciativas descoordinadas: o calendario de eventos literarios habería que coordinalo”.

O escritor **Xesús Constenla**, un dos poucos escritores en lingua galega que gañou o Premio Torrente Ballester convocado pola Deputación da Coruña, amósase de acordo con Dolores Vilavedra en varias cuestións. “Temos un sistema literario con poucos lectores. E un exceso de premios. Os libros que levan premios son colocados doutro xeito nas librerías,

publícanse deles máis críticas... Prodúcese un fenómeno de *este sí, este non*, á hora de mercar un libro, segundo se levaron premios ou non, e iso é inxusto. En Galicia só hai dous autores que poden vivir de ser escritores. Outros moitos levan anos traballando, e nada”, apunta.


Un dos escritores veteranos do país, **Alfredo Conde**, subliña, pola súa banda, que o caso de Galicia é especial: “Temos unha gran literatura sen lectores”. Ao seu ver, o papel dos escritores na sociedade cambiou e despois de 25 anos de autonomía, “creamos unha burocracia que

vive lexitimamente do seu traballo pero segue habendo moitos autores que non poden vivir do seu traballo... Este é un tema moi complexo, con demasiadas causas e solucións, e non vou ser eu quen cometa o erro de tentar sintetizar nunhas declaracións para unha reportaxe”.

Nunha entrevista anterior concedida a GALICIA HOXE, Conde comentou que “hai editoriais que quitan máis dun libro ao día, e arredor delas hai unha cantidade de xente enorme que cobra un salario e ten unha seguridade social. Existe hiperprodución e o criterio non é a calidade, senón os gustos da masa”. “Noutras comunidades son capaces de crear símbolos e puntos de referencia exportables a outras culturas”, engadiu nunhas recentes declaracións á axencia Efe.

Ante a ausencia dun mercado que permita unha certa fluidez de vendas e dunha industria editorial sólida, competitiva e consolidada –fronte ás economicamente

máis viables, algunhas pequenas editoras só cobren gastos– os autores teñen, moitas veces, a sensación de ser eles os que están a soste a industria do libro, malia recibir a cambio só migallas: sobre un 10% dos beneficios. Algunhas editoras non pagan nin os dereitos de autor. Editoras, libreiros, distribuidoras... poden vivir do libro, pero non o consegue quen o crea: o escritor.



Para o director da editorial Xerais, **Manuel Bragado**, a cuestión esencial non é un problema non de valoración, senón de visibilidade do escritor: “É lexítimo que os autores e as autoras, e os editores, esteamos insatisfeitos coa visibilidade dos textos na sociedade. Ninguén publica sen esperar ser lido. A falta de visibilidade ten que ver, en primeiro lugar, co prexuízo que aínda existe, a pesar de que se está superando, sobre os propios textos e a edición en lingua galega”.

O editor non cre que a esencia deste conflito resida nunha “cuestión de galeguistas ou de nacionalistas”. Trátase, máis ben, “de todos os cidadáns”. Os seus argumentos son claros: “En primeiro lugar, a oferta é cada vez máis diversa e de maior calidade. En segundo lugar, está o peso do mercado galego no mercado en xeral. O libro galego supón o 15 por cento do libro que se edita en Galicia. A escasa visibilidade e o pouco recoñecemento que teñen os escritores ten que ver con ese peso insuficiente do libro galego no mercado”.

A terceira cuestión que enumera o director de Xerais ten que ver coa presenza dos escritores e do libro galego nas librarías ou nos medios de comunicación. “Esa presenza”, subliña, “é a todas luces insuficiente porque teñen que competir coa avalancha brutal de libro en castelán. A lectura é unha cuestión estratéxica para un país, non tanto desde o punto de vista económico, como pola función que lle corresponde na formación de auténticos cidadáns. Ten que ser concibida como unha prioridade política, da que ten que ser partícipe toda a sociedade, e non só as institucións públicas”.

A revolución lectora, ao seu xuízo, debe comezar desde as aulas e continuar nas “bibliotecas, os clubs de lectura, revalorizando o papel das librarías. Trátase dunha revolución, ademais, na que a empresa privada “ten a súa parte de responsabilidade: Unha sociedade que non le, que se atopa no vagón de cola de lectura das comunidades autónomas españolas, non pode agardar que os

artistas sexan moi valorados...”.

O escritor e ata hai pouco director de *A Nosa Terra* **Alfonso Eiré** non diverxe moito na súa interpretación do expresado por Manuel Bragado. “O recoñecemento é intrínseco á función do escritor. Non é certo que se escribe para un mesmo. Sempre escribes para os demais, e queres que te lean e te recoñezan. O problema é, por un lado, que a literatura galega é dependente da española. Os medios de comunicación tamén son, a maioría, dependentes de empresas españolas, de xeito que a literatura galega aparece como subsidiaria da española”.

Existe unha cuestión intimamente relacionada con esta que Eiré considera esencial: “Para triunfar tes que ser traducido ao español, e se os medios españois che dan un espazo, faste un escritor de moda. Porque non estamos nun país normalizado, e daquela tampouco están normalizados os medios”.

Ao fallar esta proxección da Cultura do país, “falla tamén o sistema de distribución e as librarías. É moi importante a promoción, pero non todos están dispotos a levar ese gran peso. As editoras pequenas teñen que competir coas multinacionais, as librarías coas superficies comerciais, e é difícil. Hai moi poucos escritores en Galicia que teñan un axente comercial. Pero tamén creo que ás veces os escritores somos un pouco queixicas”.

Eiré tampouco exonera os escritores de certa responsabilidade: “A xente que se queixa ten que preguntarse, tamén, que literatura está a facer: cal é a función que temos, se os libros poden

achegarse ao lector... Algúns din que esciben deliberadamente para minorías, pero buscan o recoñecemento de máis que minorías. Outros adiántase ao seu tempo: moitos grandes escritores foron recoñecidos despois de mortos. Hai escritores moi recoñecidos e populares na súa época dos que despois todo o mundo se esquece, e ao revés...”, asegurou.



O gran condicionante do libro galego é, para o escritor Alberto Lema, o tamaño do mercado. “A nosa literatura está considerada á anormalidade se consideramos como normais o modelo francés, inglés, español... E non hai que ‘autoflaxelarse’ por iso. O mercado é reducido, e non permite grandes apostas por parte dos editores, porque non é moi rendible”. Nestas circunstancias, pensa Lema, é difícil que se dean fenómenos de “best-seller, e mesmo a profesionalización dos autores: poder vivir da literatura, debido ao tamaño do país. Nun mercado grande, todo pode ser máis forte: a crítica, a difusión, porque libros como os de Carlos Ruíz Zafón, por pór un exemplo, son un gran negocio. Aquí o negocio é pequeno, e dependente das subvencións”.

Alberto Lema apoia os premios como unha oportunidade para a xente que comeza a súa andaina no mundo da literatura. “Os premios axudan a xente que empeza, para conseguir publicar. É moi difícil publicar a primeira vez”, considera, antes de comentar outro problema que, ao seu ver, afecta á promoción do libro en galego. “A literatura galega é un xénero nas librarías. E iso prexudica o libro galego, porque é máis difícil para o lector atopar o que lle gusta”.

Este escritor apunta, por outra banda, ás mudanzas no xeito de consumir ocio na sociedade contemporánea como outro factor a ter en conta. “A novela foi un xénero de masas no século XIX, pero despois o seu espazo ocupárono primeiro o cine e despois a televisión. E isto non é un problema só de Galicia”, afirmou.

A escritora María Xosé Queizán achégase en varios aspectos á opinión de Alberto Lema. Comeza sinalando os cambios nos hábitos de consumo. “Lese moi pouco, e menos en galego. Antes non había cine, nin televisión, nin internet. Hoxe o tempo é escaso e a oferta moi ampla. Ademais, ver a televisión consiste en sentar, e a lectura require unha actividade, un esforzo, unha reflexión, que non todo o mundo ten a gana de facer.” Por outra banda, subliña, “o galego non

ten o prestixio que debería ter. Hai moita xente que considera un esforzo maior ler en galego, ou lle dá menos importancia á literatura galega. É unha cuestión política revalorizar a lingua galega”. Queizán propón aquí a posibilidade de ampliar o mercado do libro galego a través do portugués.

“Eu creo que se pode facer a través do portugués, aproveitando que o galego pertence ao mesmo tronco común, que nos comunica co mundo. Saber só castelán é unha pobreza. Tamén penso que a defensa do idioma non debe

facerse desde un enfoque tradicional, sentimental... porque a ninguén lle interesa: a xuventude vai por outro camiño. Habería que incidir na utilidade, no que o galego nos pode achegar”, reflexionou. O problema non se sitúa, para esta autora, na oferta. “A literatura galega actual é suficientemente diversa, novidosa... para interesar a todo tipo de lectores”, asegurou.

Preguntada polos premios literarios, Queizán lembrou que “as obras máis premiadas non teñen por que ser as mellores. O problema dos premios é que dalgún xeito sirvan para continuar o canon. O dos xurados é un mundo moi subxectivo. A escolla das obras premiadas pode ter que ver co tema, a ideoloxía, que non molesten... aí non podo entrar porque é un terreo moi esvaradizo. E non pasa só en Galicia, pasa en todas partes. A xente da nosa xeración tiña a idea da literatura como entrega, como compromiso e parte dunha ideoloxía. Agora os premios polo menos serven para vender...”.

A visión de Queizán a este respecto non coincide

coa de Dolores Vilavedra, quen salientou que “os xurados son moi diversos. Pola miña experiencia, sempre adoita haber acordo sobre unhas poucas obras que sobresaen pola súa calidade entre as demais. Despois, xa nun segundo nivel, xa poden entrar máis cuestións como o gustos literarios das persoas que forman o xurado”.



O escritor e periodista **Santiago Jaureguizar**, encargado das páxinas de Cultura do xornal *El Progreso*, achega unha reflexión oposta, en boa medida, ás voces que tenden ao laio: “Sei onde vivo, o tamaño do país e do seu corpo lector. E síntome moi recoñecido, apoiado e lido. Non entendo o discurso dos que máis se queixan. Se queres que te lean máis, fai que te lean máis. Fai como fixo **Camilo Franco**: quita a obra á rúa”.

Para Jaureguizar, que acaba de gañar a última edición do Premio Terras de Melide de novela, a Literatura galega pasa por un dos mellores momentos da súa historia e os escritores non son alleos a esta situación: “Actualmente, préstaselles moita atención aos escritores, incluso se lles presta demasiada: poderían ter máis en conta os ensaístas, que teñen máis que dicir. Temos cada vez máis oportunidades para publicar libros, temos columnas nos medios de comunicación, aparecemos na radio e na televisión... ¿Que máis queremos?”


Ao xuízo deste escritor de orixe vasca que escribe en galego, “cada un ten que saber ao que se dedica: non somos cantantes nin futbolistas. Somos escritores, e o país é o que é. Eu síntome moi agradecido ao país: a toda a xente que me le, que entra no meu blog... É certo que só temos dous ou tres escritores con moito peso, pero tamén o é que, en conxunto, nunca estivemos mellor”.

Á mellora non é allea o valor que o bipartito lle dá á cultura, cunha maior presenza da que tiña durante o goberno do Partido Popular (PP): “Os *culturetas* están máis presentes na sociedade. Os escritores ás veces pensamos que somos o centro do universo, esquecemos que non somos o eixe da sociedade, e se cadra reclamamos un sitio que non nos corresponde. Non somos políticos. E esquecemos que para a xente a función que teñen os libros é o entretemento. Non é só a construción da xente, que ten o nivel cultural e a educación que ten. Hai que tentar que teña máis, pero saber onde estás.

Respecto aos premios, eu creo que todos os que haxa son poucos. Supoñen cartos, presenza nos medios... Para min son un incentivo para escribir”,

Nunha recente entrevista para GALICIA HOXE, Jaureguizar comentaba que existe en Galicia “unha certa reserva á literatura popular, un reparo a que se vendan moitos libros e se popularice a literatura galega. Hai moita xente falando de facer cousas para o pobo, pero o pobo non le eses libros. Só se fai literatura para catro intelectuais”.

As opinións do escritor e tamén xornalista



Camilo Franco

conflúen, en gran medida, con Jaureguizar: “A valoración sobre o recoñecemento depende da ambición de cada un. Se queres ser unha figura a nivel internacional, e que che pidan autógrafos nos supermercados, Galicia non ten nada que facer. Tamén existe unha tendencia nos escritores a confundir a situación persoal coa xenérica. A literatura galega no seu conxunto non está recoñecida na medida que pode estar nun país que non chega aos tres millóns de habitantes, e a nivel internacional nos sistemas literarios próximos como o portugués ou o francés”.

Camilo Franco tampouco esquece os “problemas da lingua”, e a propia dimensión social: “a sociedade necesita cada vez máis estímulos para participar no mundo cultural. E iso pasa coa literatura, o teatro, o cine... con todo. Non sabemos como estimular a sociedade, e esa é unha reflexión que os escritores pensan que non é deles, senón só dos xestores culturais”.

Na cultura galega, subliña, hai certa tendencia a explicalo todo polo “debe”. Antes, engade, “o estímulo era político: o compromiso. A idea de que *debemos* prestar atención foi herdada da Transición, pero a transición acabou, e hoxe a sociedade contemporánea non acepta ben o verbo deber. O lector nace sen obrigas. Pode non querer ser lector”.

No fondo, a literatura, engade Camilo Franco, forma parte do tempo de ocio “e moitas veces hai nos escritores e axentes culturais un discurso da responsabilidade excesivamente pesado”. Considera que “sobra transcendencia, seriedade” e que é “contraproducente cargar a responsabilidade sobre o lector. Sobre a atención que se lles presta aos escritores nos periódicos: primeiro, hai que ter en conta que o xornal é un soporte finito, cun límite de espazo. Todo o mundo quere saír no periódico, e considera que ten motivos para saír, e cada vez máis persoas fan cousas”.

O autor de *Palabras contadas* está convencido, ademais, de que os medios dan máis información do que moita xente pensa: só que non os len. “Incluso, cando din cal é a prensa que importa, citan un xornal de Madrid. Hai xente que milita como lectora, e xente que ve unha responsabilidade colectiva pero non a súa vertente individual. Se todos os artistas fosen tamén consumidores de cultura, non habería problemas de falta de público”.

O escritor **Xavier Queipo**, emigrado en Bruxelas, indica, pola súa banda, que “a profesión de escritor é en xeral de soidade e de longo percorrido. Isto acontece en todos os sistemas literarios, estean normalizados ou non (como é o noso caso, que non está)”. Queipo non cre que os escritores españois, holandeses ou caribeños que non gozan nun posto no Olimpo dos *best-sellers* se sintan mellor tratados e máis respectados que os escritores galegos. Pero “a situación agrávase na nosa sociedade, dividida en dúas comunidades dificilmente reconciliábeis: os que só queren ser españois, grandes e imperialistas, e os que ven no galego a lingua de Galiza (xa non falo dos que queren ser portugueses, cidadáns curiosos)”.

“Hai unha especie de *falla de Santo André*”, asegura o escritor compostelán, “entre as dúas comunidades e é por iso a terra trema tantas veces baixo os nosos pés de país condenado á negación do propio e ao mimetismo verbo da cultura dominante. Para un sector diría que maioritario da sociedade galega, os escritores en galego non existen. Por unha razón simple, porque consideran a visibilidade nos medios e nomeadamente na televisión, unha medida da calidade dos mesmos (verdade que os galegos

que escriben en castelán non levan mellor traza).

Os escritores galegos, indica o autor de *Ártico*, movémonos nuns circuitos minorizados cando non “minúsculos ou endogámicos, como os que coma min viven no estranxeiro e nin tan sequera participan de festas, saraos e banquetes na terra a situación é aínda máis extrema. Daquela, os que aparecen de xeito reiterado nos medios de comunicación estatais e escribindo en castelán pola súa condición de xornalistas teñen un recoñecemento e mesmo así, mínimo”.



A lectura foi dende sempre unha ocupación de minorías, e como dicía Eduardo Chillida no seu discurso de entrada na Academia das Artes “Se ve bien teniendo el ojo lleno de lo que se mira”. Se un non ten os ollos cheos de literatura, non vai distinguir ben a calidade da escrita, nin en galego nin en ningunha outra lingua. Pesimista, nunca, senón tería deixado de escribir hai tempo. Realista, coido eu, escribo para mentes sensíbeis que teñen o seu universo construído na lingua galega. Eles son a miña esperanza e o meu sustento.”

Suso de Toro, un dos creadores, máis coñecidos do país, –aínda que é un dos menos premiados en Galiza– reflexionaba nunha entrevista concedida a este xornal deste xeito: “non hai autor que, se lle pregunta antes ao seu corazón, conteste afirmativa-


mente”. –á pregunta de se se sente recoñecido–. “Os autores sempre nos sentimos pouco valorados e respectados, todos, todas. Esa insatisfacción, que naturalmente temos vergoña en confesar, é natural a nós e ademais imprescindible para seguir a loitar por esa obra de valor que mereza un recoñecemento que, no fondo de nós, demandamos. Con iso xa está contestado todo. Como entendo que ademais dos sentimentos temos a obriga de racionalizar, direi que me sinto moi recoñecido polo meu país. Polo público lector en concreto e, por extensión, polo meu país. Outra cousa é que, polo meu modo de ser que procura a contradición, que busca onde doe un nervio para tocalo, pois recibo tamén unha grande hostilidade tanto cara á miña obra como cara á miña figura pública. Iso non ten solución, claro”.

Montse Dopico/A.R. López

19 XUÑO DO 2008 - NÚMERO 723

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Herminio Barreiro
Pensar non doe



Herminio Barreiro ***Pensar non doe***

A.R. López / Montse Dopico

Herminio Barreiro (Dorrón, Sanxenxo, 1937) presenta hoxe Recordar doe, un libro no que recrea a súa propia biografía a partir das lembranzas escolares e universitarias entre 1940 e 1965. Recordar doe, editado por Xerais, convértese deste xeito nunha crónica de experiencia pedagóxica onde o “mestre de mestres”, profesor desde mediados dos anos setenta na Universidade de Santiago, reflexiona sobre unha época de amargura e de resistencia, pero tamén de efervescencia ideolóxica. Nas súas páxinas non só habita a voz dun narrador capaz de engaiolar ocomo un novelista, senón tamén o sangue da experiencia e as palabras dos homes e das mulleres que forneceron o seu compromiso, nomeadamente Rousseau e Marx. Revista das Letras dedícalle a Herminio Barreiro –habitual colaborador do suplemento desde hai máis de quince anos– este monográfico cunha entrevista sobre a súa peripecia vital e dous artigos que revisan a súa figura: un de Narciso de Miguel, discípulo del e actual decano da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, e outro da escritora e xornalista Lupe Gómez, encargada de presentar hoxe precisamente Recordar doe na galería Sargadelos de Compostela, a partir das oito da tarde, xunto a Luís Cochón.

Quedamos primeiro no seu despacho da Facultade de Filosofía pero cambiamos despois polo Derby, un café “que se presta ás entrevistas”, como di el. Ás 11.30 en punto está sentado á mesa cun cortado. Está máis expansivo que nos últimos meses: a elaboración de *Recordar doe. Lembranzas escolares e universitarias (1940-1965)* enfrontouno ao reto de escribir, por vez primeira, desde un punto de vista persoal e entusiasmao o resultado. A resposta dos lectores confirmoulle, ademais, que escribiu un libro insólito: a vida concibida a partir da forza pedagóxica. Aínda que deixou de fumar hai uns anos, durante a conversa –máis de dúas horas– bota un par de cigarros. Fumando goza como un adolescente que está coñecendo o pracer do fume.



alvez *Recordar doe* é un xeito de pasar revista á miña vida. García Márquez dicía unha cousa moi bonita: cando chegas a certa idade empezas a coller os teus pasos. A min deume por reflexionar sobre a infancia. Comparto a idea de Antonio Gala de que a infancia é ese paraíso perdido que xamais existiu. É curioso: cando lembramos, a infancia aparécenos como un paraíso perdido, pero cando a vives, a infancia é unha experiencia de moita dor. De pronto é como se sublimaras os aspectos negativos da vida.

“**Elixir o título do libro foi un proceso longo.** Tiña un que me gustaba pero resultaba pouco vibrante: *Recantos da memoria*. Non dicía nada. No texto, falo dun profesor que me daba clases de matemáticas, Carlos Crespo. Pasárao tan mal na guerra que até lle costaba lembrar os coñecementos matemáticos que debía transmitirme e eu axudáballe a facelo. Entre os dous había moita complicidade. Nun momento determinado, eu escribo “recordar doe”, porque recordar é regresar ás cousas xa vividas e sempre doe volver a elas: se foron fermosas doen porque xa se extinguiron e se foron amargas doen porque revives esa amargura. Un día, indo para a facultade, axudáronme como sempre os estudantes. Eles, de feito, inducíronme a que fixera as memorias e tamén me deron o título: De pronto, vin unha pintada en Psicoloxía que

me chamou a atención: pensar non doe. Vina e díxenme: claro, pensar non doe; pensar é case un pracer, pero recordar doe moitísimo. Mandeille un email a Manuel Bragado, o director de Xerais, e contestoume inmediatamente. Díxome: Ese é o título”.

“**Non houbo ningún impulso específico que me levase a escribir este libro.** Non tiven un episodio de saúde especialmente grave, agás unha úlcera hai dez anos que me fixo pensar por vez primeira na morte dun xeito máis firme. A partir dese momento comecei a pensar máis do pensado. E iso que trato sempre de mirar máis cara ao futuro, pero ao mellor volvinme máis melacólico. Dáme envexa meu pai que ten cen anos e di: vou mercar outros zapatos. Antes, a miña nai dicíalle: pero para que vas mercar outros zapatos se non che vai dar tempo a gastalos. ¡É un home formidable! Aínda hai pouco dixo: o ano que vén teño que facer unha análise para ver como teño o colesterol. A súa mentalidade é como a dun home de corenta. Eu parézome máis á miña nai: máis dado á melancolía, retraído, máis pesimista desde o punto de vista vital. El está como se empezara a vivir: planta cerdeiras porque ten a curiosidade de comprobar cal será o sabor das súas cereixas. A miña nai negouse a vivir hai dez anos. De cando en vez di: canto se tarda en morrer.

“**A miña infancia está dominada por unha sensación de tristeza e amargura.** É a pequena historia dun tempo amargo. A primeira imaxe que lembro é a da miña nai chorando, abrazándose á miña avoa e chorando. O meu pai estaba na cadea, a Guerra Civil estaba recente e perdera un irmán en combate. Quizais, a motivación última do título nace aí: no que pesaba esa dor arredor miña. E por riba andaban os alemáns machacando os posibles aliados da República, como os soviéticos. Pero non todas eran tristezas. Tamén o pasei moi ben: disfrutei correndo polo campo e sendo un neno consentido, único até os seis anos, cando naceu a miña irmá. Sempre fun un neno de andar pola rúa. As miñas lembranzas fermosas son as de xogar na aldea, cos animais, na montaña, alá en Meilide, que era unha aldeíña de Cerdedo, á que volvo de cando en vez. Acordábame tanto de Meilide que toda a literatura que lin durante a adolescencia, incluídas as novelas de vaqueiros, a situaba constantemente naquel escenario imaxinario. Rememoraba tanto Meilide que cando volvo alí é como se aínda non marchara. Teño máis presente Meilide que Raxó, onde os meus pais viven desde hai anos, porque vou alí con máis frecuencia e Raxó está máis preto de min, forma parte do presente. Meilide é un pasado moi literario.

“**O curso 2003-04 foi espectacular.** Tiña 700 alumnos e case 300 fixeron a memoria escolar e houbo algúns que a fixeron con auténtica emoción. Tipos que lles dedicaron moitos días a aquel traballo e que se converteron en sentidos memorialistas. Logo decidín facelo eu e ese é o arrinque de *Recordar doe*. Primeiro tratei de narrar a miña experiencia na escola primaria. A secundaria, a escola normal, e a universidade... Pero pareceume demasiado presuntuoso. Tiña que dar algo máis e empecei a falar do meu concepto

e dos aspectos negativos do sistema educativo no que me educaron. A experiencia histórica é o que che dá científicidade. A motivación última foi corresponder aos meus alumnos.

“**Pontevedra está sempre como un pano de fondo no libro.** Era a capital, á que ía miña avoa coa miña nai. Era a vila por excelencia. A vila na que mercaba pasteis, plátanos, perfumes... ¡Deslumbrábanme as perfumerías con tantos frascos de cores!. A rúa da Oliva... Vivín unha temporada alí. Os cines de Pontevedra, as palmeiras, os coches, os trens, o mar... A relación con Pontevedra era máis académica, pero a miña vida persoal facíase en Torrón, en Sanxenxo, en Raxó... A miña diversión, a miña vida lúdica, xogar ao fútbol que tanto me gustaba, era cos amigos de Torrón. A vila soñada, en cambio, era Vigo: vía Vigo ao outro lado do monte, grande e espectacular. Agora aínda me impresiona.

“**A miña ideoloxía é produto da propia experiencia na casa.** Os programas de radio estranxeiros, Radio Moscova, Radio París, a BBC... Logo está a revista *Litoral*, onde leo a primeira entrevista que lle fai Herbert Mathews a Fidel Castro cando está empezando a guerrilla. En *Litoral* infórmome de cousas da Unión Soviética e alí teño as miñas primeiras lecturas políticas. A Engels léoo na Biblioteca de Pontevedra. Os seus libros estaban no apartado reservado, subliñados en vermello e o bibliotecario dábamos en segredo sen anotar a ficha. A miña entrada na ideoloxía é moi autodidáctica. Reimundo Patiño tiña unha frase que me facía moita graza: a ti hai que deixarte a un lado: es comunista des que naciches. E ese des que naciches é des que nacín ao mundo das ideas. No subconsciente levaba a experiencia do meu pai. Lembro ler un texto de meu pai de cando estaba agachado despois do golpe de Estado de 1936. A min só me deixaron velo unha vez porque temían que o delatara. Nese agocho, no sochán da nosa casa, escribiu unha especie de testamento político ideolóxico que me dedicaba a min e á miña nai. Ela gardouno e eu lino cando tiña vinte e tantos anos. Nese testamento despedíase de nós: dicía que calquera día o irían buscar para matalo. E nesa situación extrema, apontoaba a crenza: Morro cunha fe cega no progreso da humanidade, no amor á miña muller e ao meu fillo. Fala de Marx, do socialismo... Impresionoume moito aínda que naquel momento, non fun capaz de entender o que significaba e o dramatismo que había nese escrito. Pero, sen lugar a dúbidas, marcoume e, dalgunha forma, encarriloume. Eu xa me sentín instalado nunha ideoloxía.

“**Os meus contactos co ensino secundario foron episódicos,** aínda que no Bacharelato pasei unha temporada en Pontevedra. Eu era un neno da aldea que se vai examinar por libre en xuño e en setembro. Era un ensino que impoñía: non lle chegabas nin ás mesas nin ás fiestras... Os corredores inmensos... ¡E non che quero dicir a reválida! Chegabas a Santiago e era unha presión absoluta: parecía que te ían axustizar. Na Escola Normal xa era como estar na casa: os profesores estaban ao nivel das cadeiras, as aulas eran pequenas e os profesores falaban con nós. Xa había diálogo. Era unha aprendizaxe máis democrática. Decido facer maxisterio por tradición familiar, aínda que eu quería ser xornalista. Na casa non lles gustaba. Para quitar cartos daba clases

particulares e nesas clases comezou a miña rodaxe de profesor. Cheguei a ter vinte ou trinta alumnos que viñan pola noite porque polo día estaban traballando no mar... Foi unha experiencia fantástica: simultaneei os meus estudos facendo prácticas.

“**É certo: Eu era moi ligón.** Dedicábame moito ao moceo. Pero tampouco resultaba tan fácil. Daquela, notaba moito as diferenzas sociais: quería ligar coas rapazas da aldea pero considerábame un pouco señorito, porque era fillo da pequena burguesía e consideraban que nunca ía casar con elas. Coqueteaban comigo e, ao mesmo tempo, mantiñan as distancias, como se dixesen: deste non te podes fiar. Estiven moi namorado cando tiña xa quince anos. Namoreime perdidamente dunha madrileña que estaba en Cambados. Ela marchou a Madrid e a miña primeira viaxe a Madrid foi aos dezasete para vela. Despois pasou un tempo e a relación enfriou: ela marchou estudar a Inglaterra. O noivado durou cinco anos e rematou sen deixar grandes pousos. Rompimos cando marchei estudar a Madrid: eu quería coñecer outras xentes.

“**Vou a Madrid para facer xornalismo e románicas, que non había en Santiago.** Matriculeime en Románicas e fun a xornalismo para ver como funcionaba. O meu entusiasmo enfriouse inmediatamente: a facultade era moi cutre. Pola contra, a de Filosofía e Letras, onde se impartía Románicas, encantoume. Aínda que era unha universidade moi de dereitas, había unhas trazas que non se podían borrar, xente que che lembraba que naquela cidade universitaria comezara a construírse a República.

“**Cando acabei a carreira, pasei dous anos en Francia e volví a Madrid para dar clases.** Quedeí até o ano 76, en que viñen para Santiago. Madrid parecíame unha cidade máis cosmopolita do que en realidade era. Gustábanme os barrios, as zonas suburbanas... As desigualdades sociais eran como unha reafirmación social e política. Faciamos viaxes ao Pozo do Tío Raimundo como quen facía misións políticas. Con Méndez Ferrín, con Cribeiro... Gustábanos o Madrid popular pero, ao mesmo tempo, fodíanos esa chulapería tan castiza.

“**Brais Pinto foi o redescubrimento de Madrid.** Sempre estábamos pensando na cultura galega desde Madrid. Un foco no que nos fomos educando uns e outros. Intercambiábamos experiencias, coñecementos culturais, libros... Brais Pinto deu un grupo vangardista de autoformación ideolóxica, política e conciencia galeguista... Algúns xa eran moi galeguistas e o tiñan máis claro. Eu, talvez, era o menos galeguista e Brais Pinto reafirmou en min esa conciencia. Tratábase dun grupo heteroxéneo. Como di Ramón Lorenzo, todos eramos moi distintos. O abano ideolóxico era amplo: había desde xente moderadísima a xente radical... E, porén, había cousas en común que prevalecían sobre as diferenzas.

“**Raimundo Patiño e Uxío Novoneyra, que chegan a Madrid no 1962, convértense nun referente indiscutíbel para min en Madrid.** Con Patiño a relación foi moi estreita porque vivimos xuntos durante moitos anos e vímonos moito no seu estudo. Ferrín volveu pronto para Galicia, como Bernardino

Graña e Fernández Ferreiro. A amizade con Cribeiro viña de antes, de cando faciamos o bacharelato en Pontevedra. Tiñamos a afinidade partidaria do Partido Comunista e eramos máis militantes que os outros. Patiño mantiña unha posición máis crítica e Ferrín dáballe xa voltas a proxectos propios que cristalizarían pouco despois na Unión do Pobo Galego (UPG).

“**O meu compromiso co Partido Comunista (PC) empeza cando marchei a Francia no 1965.**


En Francia entro en contacto coa xente do exilio: coñezo a Santiago Álvarez ou Ramón Garrido, fago as miñas colaboracións na Radio Pirenaica, e cando veño de vacacións coñezo en Madrid a Ramón Valenzuela, a Alonso Montero... Iso coincide coa crise do movemento comunista. Son anos terribles desde o punto de vista político, desasosegantes. Chego a Francia e atópome con Debray e pregúntome se marchar a América, onde está o Che, daquela embarcado xa na súa aventura de Bolivia.. Non sabía a que atender.

“**Co PC había temporadas nas que me cabreaba.**

Indignábame co partido e marchaba e deixaba a militancia. No ano 1971 fun a Cuba, por un premio que me deron de Radio Habana, e dixéronme como estaba naquel partido, tomado absolutamente polos infiltrados da CIA. Infiltrados supoño que os habería, pero era o único partido no que militar. O congreso do 1970 e a irrupción do Eurocomunismo pareceume tremenda. Aquilo non me gustaba: Víalle un carácter excesivamente conformista e non comprendía o compromiso histórico de Berlinguer. ¡E o que son as cousas! Logo, ao ver o que pasara na Unión Soviética, lembreime de Berlinguer cando dicía que a revolución estaba esgotada. Sempre tiven estas dúbidas... Cando as facía públicas, recriminábanme que as miñas eran as dúbidas eternas da extracción pequeno burguesa, que non sabe ter a paciencia que dá a clase obreira. Non saben ter, dicíanme, esa “paciencia impaciente” que debe posuír a militancia política. Cando cheguei a Compostela e vin a Santiago Carrillo no congreso do Partido Comunista Galicia (PCG) molestoume moito: presumía de que el era o líder e chamaba a respectar a xerarquía. Pareceume dunha egolatría insoportable e marchei no 1978. Volvín nos primeiros anos noventa e desde entón continuo aí. Neste momento, manteño unha relación estreita co partido. Aínda que moitas veces me cabreo, os cabreos non me levan a marchar: esa época acabou.

“**Na constitución do PCG, debatemos se facer un partido galego ou un partido comunista en Galicia.** O dilema era entre a tese de Lenin –unha clase, un estado, un partido– ou crear un partido en cada país: Un PCG independente ou un PC Galego federado cos demais partidos de España. A xente da UPG non quería render contas, pero nós pensamos que si, que queríamos ser federalistas.. Eu era partidario dun PCG federado e iso foi o que me separou da xente da UPG. Ás veces estaba máis próximo ás súas ideas que ás do propio PC, pero nunca o suficiente para dar o salto.

“**Cando se legaliza o PC, eu estaba distante.** Non me importou nada. Así como Mariví Villaverde



e Ramón Valenzuela viñan a casa emocionados, eu non sentía nin frío nin calor. Molestáronme aqueles actos de Santiago Carrillo onde empezaban a quitar as bandeiras españolas. Que no primeiro acto do Partido Comunista de Galicia quitaran a bandeira española era terrible. Eu, daquela, xa estaba politicamente moi galeguizado e molestoume aquela especie de travestismo, como dicindo: Somos tan patriotas españois como calquera.

“ **A miña relación con España é de afecto e desafecto.** Síntome patriota galego pero en Madrid non me sinto estranxeiro. O problema é que eles a min si que me senten estranxeiro. Nunca fun tan galeguista como en Madrid. É como se de súpeto quixera sentirme máis na casa do que realmente estaba. Pensaba que estaba na miña casa pero non era certo: Sentíame e síntome discriminado.

“ **O desmoroamento da Unión Soviética produciume unha dor enorme, pero a dor viña de atrás.** O gran golpe foi a finais dos anos cincuenta, coa excisión chinosoviética. Nela, afundiuse algo da nosa esperanza. Foi un proceso que estaba sentindo progresivamente, unha ferida que non acaba de curar, unha ferida cada vez máis fonda. Gorbachov, coa súa Perestoika, era a última esperanza e tampouco frutificou: De pronto, vin alporizado que os habitantes da Unión Soviética en vez de reparar aquel estado forte se dedicaban a demoelo... Deume a sensación dunha estafa. Tamén é certo, e dígoo no libro, que nunca me sentín moi próximo ás experiencias comunistas dos países europeos, agás da Alemaña Democrática: eran os tipos máis modernos, máis cultos, máis en contacto con nós... A URSS era un mundo á parte... Afundiuse dunha forma... insólita. Eu aínda sigo pensando se resucitará algunha vez, como a ave fénix, se serán capaces de recuperar o espírito revolucionario. Non sabes ben cara a onde poden ir. Os anos noventa son profundamente dolorosos, tristes, co neoliberalismo campando a esgalla, aplastándoo todo.

“ **Hoxe en día, o dilema é: ou o mundo acaba co capitalismo ou o capitalismo acaba co mundo.** Nisto son un pouco pesimista: o capitalismo non ten mecanismos autocorrectores para ser capaz de parar se imos cara a un proceso destrutivo do planeta. A humanidade está en perigo, como di Fidel Castro, e non sei se haberá unha reacción. A única saída é a socialización, pero antes de que iso pase, todo pode saltar polo aire.

“ **Os procesos socialistas de suramérica fanme concibir esperanzas pero non sei se poderán endereitar o rumbo do continente. Non sei se poderán coas forzas do mal.**

“ **Atopar unha saída ao capitalismo planetario só pode vir a través dunha resposta planetaria.** Aquí case teñen razón as teses de Trotski de que se debía camiñar cara á revolución

mundial. O movemento da Antiglobalización é a única saída. Todo o demais cae devorado polo capitalismo. Separados non somos nada.

“ **O capitalismo é tan voraz que até se disfraz de ecoloxista,** pero son ecoloxistas de boca para fóra e seguen machacando o planeta. Non poden facer outra cousa: a destrución forma parte da esencia do sistema. Ou se acaba co sistema ou non hai solución. Vímolos recentemente no cumio da Fao en Roma coa crise alimentaria: non lles importa que haxa mil millóns de persoas con fame. ¡Que morran!, din con indiferenza. Niso Mao era moi optimista: non lle temos ningún medo ás bombas de Estados Unidos porque as bombas as ten que lanzar o pobo e ao mellor o pobo non quere lanzalas. Os Estados Unidos son un tigre de papel, dicía Kruschchev, pero ten cairos nucleares. Chávez lembrábohai pouco.

“ **A China é unha contradición grande; é o maior exemplo da contradición mundial.** Na China conviven en batalla encarnizada o capitalismo e o socialismo ¿Quen gañará? Difícil dar unha resposta. Ou a China mira cara a adentro e se converte nunha potencialidade interior que sexa exemplo para o mundo ou acaba noutro imperio, como os Estados Unidos... Nesa pugna que hai dentro da propia China, poden vencer calquera dos dous. Se o socialismo vencesse na China, vencería en todo o mundo.

“ **Esquerda Unida necesita unha refundación urxente.** Así non vai a ningún lado. Non pode quedar na reforma desde dentro do sistema: ten que haber unha clara postura de anticapitalismo. Ten que ser auténtica. Non pode estar en actitude contemporacidora. Neste momento, prefiro a Zapatero que ao Partido Popular (PP), pero desde un punto de vista de cambio social hai que ir máis alá e os socialistas non pode facelo porque está instalado no capitalismo. EU, pola contra, está en condicións de ir máis alá. Ten que cambiar o sistema, non maquillalo. Mesmo terá que cambiar o nome, porque Esquerda Unida non está unida.

“ **Cando estamos ao bordo da extinción do planeta, a educación é a única arma posible.** Así como hai anos todos cifrabamos na violencia a fórmula dos remedios, neste momento a única alternativa é gandhiana: a vía do pacifismo profundo. A paz, a concordia e a tolerancia é a gran baza para solucionar os problemas. Hai que apostar pola paz até as últimas consecuencias. Polas bravas, o problema nunca vai solucionarse: sería a destrución inmediata. O dilema actual é unha cuestión de conciencia moral, de conciencia cívica, política, solidaria.

“ **A estratexia do papel universal da educación é un asunto público, estatal, colectivo e para nada privado.** O privado está para os asuntos domésticos, pero para solucionar os grandes problemas ten que haber unha educación pública, estatal, laica e pacífica.

Pan e Herminio

Lupe Gómez

O pan é un alimento queridísimo e fundamental. O neno Herminio Barreiro escribe: “lémbrome ben. Nada máis levantarme da cama, atravesaba correndo a escola para ir á cociña tomar o almorzo: leite de vaca fresco con pan de millo e un pouco de azucre (toda a miña vida ficaría xa prendido do leite como alimento habitual; nunca me cansei dil).” Hai recordos que os levamos prendidos na columna vertebral, e que determinan os nosos andares, as nosas vidas.




Recordar doe lévame a Fisteus un venres pola tarde nun autobús no que tamén viaxan homes vellos con traxes gastados, mulleres preciosas e cangadas, e estudantes tan vestidos á moda como se saísen dun laboratorio. Faime lembrar o pan que comía de nena, que o facíamos no forno de pedra da nosa casa perdida no tempo. Son tan fermosos os pobos que saben facer pan! Enfornabamos cada quince días. O día de tecer o pan era sempre o venres. Eran momentos tan alegres que parecían guateques. Meu pai cantaba cancións de Manolo Escobar.

Hoxe o libro de Herminio sábeme como aquel pan que co paso dos días íase poñendo máis e máis reseso, pois ía adquirindo carácter, firmeza e personalidade. Sabía e amolecía tan ben nas sopas con colacao! O libro de Herminio sábeme tan ben como o pan fresquiño que anos despois traía o panadeiro na súa furgoneta e que o comiamos cun chocolate de amendoas que provocaba en min todo o entusiasmo do mundo.

O pan é necesario, e por iso fálanos de moitas tristuras, de tempos de miseria. Fame de comida e fame de escolas. Fame de teatro e de música. Verdadeira fame de moitas cousas. Di ben Manolo Rivas cando escribe que: “ler a Herminio é tamén oír unha radio que nos ofrece a lección das cousas”. Cantos anos vivimos sen poder acceder a esa lección das cousas máis sinxelas e íntimas? Cantos traballos pasamos sen poder escoitar esa radio que nos ofrece as razóns de vivir? Medrou,

e medra, tanto o deserto que o pan segue parecendónos triste.

O mestre Herminio explica que: “a educación, para todos os que vi-



vimos e traballamos cada día no seu contorno, sempre será unha paixón irrefreable, unha emoción permanente e un sentimento gratificante ao máximo.” El lembra moitos mestres que pasaron pola súa vida e que lle deixaron marcas na pel. Faime lembrar mestres e experiencias que tiveron. Queren quitar a materia de Filosofía dos programas educativos e lembro que cando descubrín a Historia da Filosofía decateime por primeira vez de que podía pensar, e que polo tanto estaba viva.

Lendo *Recordar doe* lembrei un peculiar mestre de Grego que tiveron no instituto. Era un home vello, moi gris, que vestía como un crego. O grego soaba como un idioma eterno e aquel mestre parecíaame exótico e ecolóxico. Coa súa seriedade transmitíame un grandísimo respecto, unha sensación de calma, sabiduría, entendemento. Todos os saberes e todas as persoas son necesarias, como o pan. O hip hop é necesario porque canaliza e expresa a rebeldía e as críticas da mocidade. A muiñeira de Chantada é necesaria porque era a música que se tocaba no final das festas e simbolizaba unha despedida emotiva.

“A educación é hoxe tan indispensable como a auga para beber ou como o aire para respirar...”, di Herminio, e o seu libro calma esa sede que sentimos antes do abismo. *Recordar doe* é un marabilloso título para remexer nas cousas do corazón como se a vida fose unha artesa vella da que imos quitando roupas que puxemos noutros tempos, amizades que foron xurdindo como amoras nas silveiras, amores que aínda nos fan suspirar algunhas veces, cárceres nos que estivemos porque non estaba permitido ser libres, caligrafías feitas con ilusión e cariño.

Seguimos necesitando a enerxía vital do grupo Brais Pinto, e o berro interior, profundo e inconsolable de Uxío Novoneyra. O poeta do Courel segue camiñando co seu amigo Herminio polas rúas preciosas e terribles de Compostela. Ferrín di que “Galicia e os galegos somos realmente invisibles”.

Recordar doe é un libro tan elegante, sincero e esencial que nos atrapa nas súas páxinas como un bo pan.

A forza da palabra

Narciso de Miguel

Herminio Barreiro Rodríguez chegou a Compostela no 1976 para exercer como profesor na sección de Pedagogía da Facultade de Filosofía e Ciencias de Educación, que tiña escasos anos de vida e procuraba acomodo na vella Fonseca. Eu fun alumno seu desde o primeiro ano e durante tres dos tres e medio en que concentrei os estudos de Pedagogía.

As súas clases de Teoría da Educación axiña deron que falar, e aos matriculados fóronselles sumando, atraídos polo que alí se dicía, compañeiros e compañeiras procedentes doutras facultades: marxistas, leninistas, maoístas, trotskistas, anarquistas ou nacionalistas, que daquela había moito onde escoller. Eran clases maxistras, tanto pola forma como polo contido. Lémbroo sentado detrás da mesa profesoral, no estrado dunha escura aula, rodeado de libros e de apuntes que daban soporte a un ben tecido discurso. Comezou falando en castelán e rematou facéndoo en galego, a petición dos “ergas”, que proliferaban naquel curso.

Herminio lía con precisión os textos seleccionados para os seus alumnos: as teses de Marx sobre Feuerbach, a teoría de Althusser sobre os aparellos ideolóxicos do Estado ou algúns anacos d'A escola capitalista en Francia de Baudelot e Establet, coas súas dúas redes de escolarización: a primaria/profesional e a secundaria/superior. Logo comentaba e enriquecía a lectura. Facíao con contundencia e desde unha posición ideolóxica tan sólida como tolerante. Velaí un dos trazos máis singulares da súa personalidade.

Despois viñeron as clases de Historia da Educación, que tiñan un programa máis acoutado. En terceiro curso Grecia e Roma, a Idade Media coas súas universidades, Erasmo, Lutero, Rabelais, Montaigne, Vives, Comenio. En quinto agardabanos Rousseau, a Gran Revolución Francesa, que prometía outras, a creación dos sistemas educativos nacionais, a educación popular, a Institución Libre de Ensinanza, a Escola Nova, o socialismo, a II República española. O seu principal recurso metodolóxico era o comentario oral e escrito de textos, sobre

o que máis tarde escribirá: “Lembrábanos Enrique Tierno Galván, hai non moitos anos, que a lectura debe facerse tal como beben as galiñas: sorber primeiro coa cabeza baixa sobre o texto —embuchar— e meditar despois coa cabeza erguida —engulir.”

Do temario de Historia da Educación Contemporánea extraerá materia para as súas investigacións, centradas na Ilustración, con especial preferencia por Rousseau, na Revolución francesa, na evolución do sistema educativo español e no pedagogo Lorenzo Luzuriaga, sobre o que fixo a tese de doutoramento e do que lle custará traballo desfacerse. Arredor destes e doutros asuntos escribiu —e escribe— traballos ben construídos e mellor redactados. Cando un os le ten a impresión de estalo escoitando falar.

Pero quero insistir máis no seu labor docente que no investigador. O propio Herminio concédelle máis mérito ao primeiro que ao segundo, o que o converte nun caso certamente atípico dentro da universidade española, que valora o profesorado en función das publicacións, e máis concretamente do medio onde aparecen, sen tomar en consideración a dedicación docente, por moito que se predique sobre Boloña e as súas excelencias. Herminio sábeo e non lle importa. Nunca lle importou nadar contracorrente, aínda que non ten ningún interese —discreto como é— en que se note.

Está convencido de que a súa palabra desempeñou unha función social máis importante e tivo unha audiencia superior á da súa escritura. Á marxe doutras consideracións, bota contas e sáenlle os números: no último curso como profesor tivo arredor de 700 estudantes matriculados nunha materia de libre elección. Cantos traballos académicos acadan un número de lectores similar?

Os estudantes recoñeceron sempre a súa entrega e valorárono como un dos mellores profesores. Son varias as claves que explican este recoñecemento, das que me referirei a tres.

A rigorosa preparación das clases, recollida nuns cadernos que enriquecía cada ano

con anotacións procedentes das súas múltiples e diversas lecturas. Antes de cada sesión, concentrábase no despacho, revisaba os apuntes e seleccionaba algún texto para ler e comentar —a última vez que o escoitei ler foi na Coruña, hai uns meses, nun acto en que o acompañaba o seu pai, que estaba a piques de cumprir 100 anos; leunos un texto de María Zambrano que nos fixo revivir a proclamación da II República nas rúas de Madrid—.

Nada, pois, de improvisacións, que as leccións maxistras, reivindicadas tamén polo seu compañeiro de xeración e de troulas, Xosé Luís Méndez Ferrín, requiren un guión ben estruturado.

A xenerosidade para atender os estudantes. O seu despacho está sempre aberto e recíbeos cun sorriso que convida a entrar e a permanecer —sería curioso rexistrar graficamente a reacción do profesorado cando os estudantes chaman á súa porta: posiblemente nos fornecese datos máis produtivos que os de moitas enquisas ao uso. Nunca taxou o tempo, nin para recibilos e falar con eles, nin para ler e comentar os seus traballos, que en ocasións mesmo publicou.

Por último, teño para min que se os seus alumnos e alumnas o respectamos e o queremos é porque el tamén nos respectou e nos quixo. A Herminio gústanlle os rapaces e as rapazas. Gústalle mesturarse e confundirse con eles fóra das aulas. Nas tabernas —lémbroo na da señora Lola, con Daniel, Xaime e quen isto escribe, saboreando unhas xoubas e engulindo un ribeiro que retrospectivamente se nos antolla pouco refinado—, nas cafetarías e nos pubs, falando de todo un pouco, pero máis que nada de política, nas rúas e nas prazas da cidade vella, paseando e mesmo dando clase na praza da Quintana, como aconteceu anos atrás durante a mobilización dos estudantes contra a reforma universitaria.

Hoxe, Herminio Barreiro é profesor emérito e de cando en vez exerce como docente. E continúa paseando por Compostela. Se segue os pasos do seu pai e mais da súa nai, farao aínda por moitos anos. Trinta polo menos.

26 XUÑO DO 2008 - NÚMERO 724

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



O Woodstock africano

Essaouira: o Woodstock africano

Soedade Noia



Dicía Ben Harper que as persoas que non lles dan unha posibilidade á música de cambiar o mundo son aquelas que non aman a música. En Marrocos hai intelectuais críticos co Goberno e apaixonados pola música e a liberdade; músicos, pintores e cadís sometidos á xustiza e ao compromiso; sufís cultivados pola música e a escrita ou poetas que sempre conseguiron expresar a súa voz esencial contra os califas. Homes e mulleres que, amputados de parte da súa memoria, democracia e cultura, activan e dinamizan na rúa o que as políticas tardan décadas en facer. Hainas, anónimas estrelas en occidente, entre o público do “Woodstock africano”: toda unha ‘movida’ baixo o paraugas do Festival Gnaoua e de Músicas do Mundo” construída nas raigañas do nomadismo cultural en Essaouira, na costa atlántica de Marrocos: noutro porto ocupado por portugueses ou franceses, que conquistara a Hendrix ou que lle dera vida ao Othelo de Orson Welles.

Fálase de escravitude, xa que no tráfico de escravos coa África negra (Guinea, Senegal, Malí, Níxer, Chad e Sudán fundamentalmente) se instalan as raíces da música gnaoua que foi modo de expresión, afirmación e liberación e que hoxe se transmite, xeración a xeración polos maâlem: mestres musicoterapeutas aos que se acode para a sanación, tradicionalmente de picadas de escorpión ou desordes mentais, en rituais ou Lilas nos que se tira das cores, o perfume e o trance. Porque aqueles escravos, tras un proceso de islamización –que tivo en Vali Sidi Bilal, liberado polo mismísimo Mahoma, o seu mestre– abéiranse hoxe en confrarías (tarikas) sufís gnaoua, con zaouia (sede) en Essaouira, nas que dirixidas polo maâlem se practican sesións de trance hipnótico, sen posesión, animista, para o que se serve dos cantos dos cofrades e a danza.

Nesta tradición sufí, que indaga no amor e a harmonía, sitúanse maâlems como Mustapha Bakkbou (Marrakech), Hamid El Karsi (Rabat), Allal Soudani (Essaouira), Abdelkébir Merchane (Marrakech), Mahmoud Guinea (Essaouira), Abdeslam Belghiti (Essaouira), Hassan Boussou (Casablanca) ou Abdellah Guinea (Essaouira). Case todos participaron noutros festivais en Europa pero tamén en China ou nos Estados Unidos. Uns activaron os seus propios grupos de reagee ou gnaoua fusión, outros foron mentores do movemento folk dos anos setenta e algúns contan hoxe con formacións coas que tocan en Bruxelas ou París. Todos suceden a aqueles escravos negros, que salvaran nunha batalla sobre o 1591 o sultán de Marrakech Ahmed Al Mansour (Almanzor), de quen se di conquistou Compostela, arrasando coa Catedral e deixando a salvo a tumba de Santiago.

Todos son maâlems ou guías: mestres aos que hoxe creadores como Shorter, Santana, Adam Rudolph Will Calhoun, Randy Weston, Peter Gabriel, Ray Lema, Ze Luis Nascimento, Joe Zawinul, The Wailers ou Pat Metheny entre outros, consideran fonte de inspiración e diálogo. Mestres, como Mustapha Bakkbou que chega de Marrakech para tocar-en-diálogo co belga Eric Legnini Trio que darán arrinque este ano a un festival que, para o guitarrista francés Louis Bertignac, “é moito máis que Woodstock, xa que soben a escea artistas que pode non coñecerse, nin ter ensaiado, polo que todo é pura improvisación”.

Por iso os concertos son irrepitíbles, e co irrepitíble fica un dos valores do certame que no 2008 se asenta na mestura de músicas de Marocos, Palestina, Madagascar, Xamaica, Alxeria, Francia, Arxentina, Libano, Noruega ou Corea. Fiel ás súas raíces ancestrais a organización do festival, dirixido por Neïla Tazi, préstalle este ano unha atención especial á creación de Malí coas actuacións dos virtuosos da harpa de Malí ou luth n’goni Bassekou Kouyaté e Toumani Diabaté, mestre da kora, a harpa de África do Oeste. É a propia Tazi quen quixo presentar o certame como unha mestura de “patrimonio e respecto á tradición, de invitación á viaxe e aos riscos da improvisación, de militarismo e ponderación que acaba dándolle ao festival o seu carácter popular e de vangarda”. Un dos concertos máis agardados será o do cuarteto de Wayne Shorter, herdeiro de John Coltrane que fora seducido por Miles Davis para formar parte da súa banda e que, con Joel Zawinul, deron vida na década dos setenta a Weather Report, o grupo de jazz-rock que anticipou e contribuíu á apertura da música estadounidense as outras músicas. Non se sabe se Shorter virá como saxo tenor ou saxo soprano, pero no que non cabe dúbida e que dará mostras dun jazz no que non faltan as achegas do hard-bop, o jazz-modal, a fusión e o funk. Sen perder de vista un dos maâlems, tres mozas, duns vinte anos, vestidas co haik páséanse en círculos pola praza Mulay Hassan, uns dos dez espazos previstos para os concertos, na maioría gratuítos, que concitan estirpes enteiras de familias





traballadores en días de feira, agolpados pelotóns de turistas ou tribos de pioxos e escorregadizos rastas aos que a policía cacheara na entrada da vila por ver se levaban cartos suficientes para a ocasión: senón cumpren as expectativas do interpelante, métenos nun autobús de volta. E punto.

Nas prazas da vila, dende as máis recollidas do souk das especias ás máis grandes que son eixe vertebrador dentro e fóra da medina ou sobre a area da praia –que dende hai uns anos verque pola noite máis contaminación lumínica que cinco campos de fútbol– vese da avoa á neta e bisneta en mundos solidarios de muller; dos rastas e tolas made in Bob Marley aos nostáxicos de Hendrix; dos desprazados de Francia aos parentes que os acollen na casa; dos surfeiros aos guiris de toda pelaxe, do interior e o exterior de Marrocos que ocupan as terrazas máis privilexiadas de hoteis e bares negadas á maioría por razóns de capital.

Nais con nenos durmidos nos brazos ao pé dos bafles; nenos, imperceptibles á vista, ocultos entre as pernas ou, sobre as costas, agochados baixo as mantas. Mozos e mozas aos ombreiros doutros, zarandeando os brazos aos omnipresente vento aliseo, sen deixar de zarandear a cabeza. A moza axita con brusquidade a súa melena, diríase como unha tola, describindo círculos nun xiro que contaxia a todo o corpo. Móvese, abandonándose ao rítmico son do guembré do mestre: un instrumento de tres cordas de pel de cabra que vai, sen tregua, punteando o son e marcando o tempo nun concerto no que xunto cos crótalos –unhas castañuelas cóncavas de metal que en pequenas reproducións tamén lle serve á industria do souvenir– arrinca a espectacular danza dos confreres, entregados en imposibles xiros e maxestuosos saltos.

Saltan e xiran sempre co fondo do guembré Saltan e xiran sobre un canto dialogado no que se invoca a Deus, ao seu poder, ao seu amor. Saltan e xiran entre o fume e o cheiro do incienso. Saltan e xiran nun proceso no que se experimenta un estado de consciencia diferente: aquel non-sei-que que transporta- cruza- transita- cara- ao- máis -alá –do- tanxible. Agora aquela moza que axitaba a melena cae en trance agolpando ao seu redor un círculo de mulleres que cun pano cobren a intimidade da convulsión, protexéndoa da dimensión máis táctil, das posibles lesións que lle pode acarrear a súa outra- consciencia.

Elas, as tres mozas seguen paseándose co haik, o traxe tradicional da vila, enfundadas de branco que reloce no escuro da noite nunha reivindicación sen pancarta coa que queren chamar a atención sobre a recuperación da identidade. “O haik estase perdendo” apontoan entre sorrisos as tres universitarias de Rabat mentres fan esta especial rolda reivindicativa, só por un día. Mañá volverán saír, sen o pano negro que lles cubría a boca.

E que a herdanza islámica ou o pasado bereber, siguen sendo, a pesar da súa politización extrema e de todas as manipulacións financeiras e administrativas dunha extraordinaria riqueza para o sentido da identidade e a forza para loitar. Do Islam, como único capital simbólico de millóns de desherdados advírtenos entre outros moitos a socióloga Fatima Mernisi, quen lle adxudica un papel fundamental como referente de identidade.

Á contra, adoitase buscar no Islam ditados atentatorios de dereitos fundamentais, como se fose patrimonio exclusivo de occidente; a rabuñar nos sumidoiros de pobreza, narrados hai tempo por escritores como Chukri –quen lanzou un berro desgarrado sobre a miseria e a súa voracidade– ou por Chraïbi e Mrabet, outros dos autores malditos do Marrocos contemporáneo ou mesmo polo recoñecido Tahar Ben Jelloun, que merecera o premio Goncourt no 1987.

Escárbase en fin nas amputacións de dereitos civís, facendo esquecemento de conquistas ou de novas e innovadoras fontes de reivindicación e creación. E de todo hai. Ou, acaso coa Biblia non se poderían chegar a facer lecturas máis brutais que co Corán?, preguntábase o escritor Juan Goytisolo, primeiro autor da península Ibérica logo do Arcipreste de Hita, en falar o árabe dialectal.

Aínda máis: acaso non se entenderían algúns movementos islamistas como movementos de liberación ou auténticos estados sen estado cando asistimos á súa emerxencia, no campo da educación ou a sanidade, fronte aos gobernos que fan deixamento dos seus deberes sociais e de asistencia ao pobo; acaso no se organiza unha parte da sociedade sobre o Islam fronte ao capitalismo ou ao socialismo que entenden inoperativos?; acaso no se fala de postislamismo en alusión ao crecemento de partidos construídos nos axiomas de xustiza e desenvolvemento que ancoran no sentir democrático o seu programa?; acaso non hai cristiáns convencidos da contradición entre cristianismo e democracia?

En Estados Unidos, mantén o ensaísta Asef Bayat, hai cristianos mobilizados contra a democracia ao entendela un “concepto maligno”, xa que o crea o ser humano e non deus. “As maliciosas interpretacións sobre o islam –sostén o ensaísta Edward Said– convertéronse na última forma aceptable de denigración dunha cultura estranxeira en Occidente: o que se di arredor da mentalidade musulmá, ou sobre o seu carácter, a súa relixión ou a súa cultura, en conxunto non podería ser presentado na actualidade en ningún debate sobre os africanos ou os xudeos, ou sobre todos os orientais ou asiáticos”

En Essaouira abarrótase o cíber, coma sempre. A telefonía móbil Meditel, as augas Sidi Ali ou a Pepsi Max patrocinan, entre outros, o festival. O móbil pendura en todas partes, tamén sobre o haik ou a chilaba. A brebaxe elítica da maxia, o té á menta, o souk, o cuscús do vernos, a hora da oración, o haxix ou o pegamento forman parte da paisaxe, máis ou menos oculta, do festival xunto coas tendas Quicksilver ou as obras naif e as esculturas de tulla entre as que se colan imaxes dos mestres gnaouas ou doutros músicos visitantes que, en edicións pasadas, posaran para a foto cada vez máis amarela.

O porto, os rudimentarios estaleiros, o Café de París, os doces do Dris, o porto ou a praza de Orson Welles onde cada tarde se reúnen as mulleres para parolar e ver deseguido a posta do sol van parellos aos talleres de carpinteiros, á Skala amurallada erguida polos portugueses ou as rochas da costa onde se ocultan grupos de homes que miran con receos, dándolles ás costas, aos avances e ao traballo das mulleres: maltratadas, sometidas ou reunidas en cooperativas, alcólicas, prostitutas, empresarias, divorciadas, cooperantes, avogadas, informáticas, sen teito...

Todo, como nun xogo de contrarios, sucede en unión e movemento. Forman parte dunha realidade interior, tan real como os sonhos que en Marrocos, por riba de difultades ou temores, leva o nome de Europa á que se cobiza tamén por riba de todo os magrebís quitan asentos de primeira nas pateras que reservan prazas de segunda para os subsaharianos mentres Europa viaxa ao país do León dos sonhos, da maxia, en tours “Marrocos ao completo” en oito días nos Riad con Hamman e talasoterapia: aquel de “haren de occidente” sobre o que xa nos levan, hai tempo, advertindo os intelectuais do Marrocos cando esixen rigor á hora de presentar unha realidade –complexa, rica, limitada– sen caer en falsos paternalismos ou neo-colonizacións Hai un Marrocos, forte e resistente, que volve sobre a creación e a memoria con Festivais como o gnaoua de Essaouira ou o de música sacra de Fez, que nos obrigan a abandonar definitivamente posicións tercermundistas ou discursos da tolerancia. Toleramos que? Toleramos a quen? Non se pode negar o imaxinario dun pobo, e os galegos, homes e mulleres, sábeno ben.





A reportaxe fotográfica deste monográfico é de Ferrán Grau e nela recóllese a desbordante paisaxe urbana que se instala en Essaouira durante o festival

